

PROGRAMACIÓN DE LINGUA INGLESA

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

**IES S. BASANTA SILVA. VILALBA
CURSO 2007-2008**

INDICE

PROGRAMACIÓN DE ESO

CRITERIOS METODOLÓGICOS XERAIS	3
CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN	3
CRITERIOS DE RECUPERACIÓN	4
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	4
ALUMNOS CON INGLES PENDENTE DO CURSO ANTERIOR	4
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	4
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	5
PROGRAMACIÓN DE 1º ESO	5
PROGRAMACIÓN DE 2º ESO	37
PROGRAMACIÓN DE 3º ESO	69
PROGRAMACIÓN DE 4º ESO	102
PROGRAMACIÓN DOS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR	137
PROGRAMACIÓN DE BACHARALATO	138
PROGRAMACIÓN DE 1º BACHARELATO	139
PROGRAMACIÓN DE 2º BACHARELATO	158
PROGRAMACIÓN DE 1º BACHARELATO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA.....	195

PROGRAMACIÓN DE ESO

1.- CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

Empregarase unha metodoloxía activa centrada no alumnado, potenciando a interacción e comunicación entre eles. Desenvolveranse por igual as catro destrezas lingüísticas co fin de conseguila comunicación en inglés, incluíndo tódalas competencias (gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural). O desenvolvemento das mesmas será sistemático e terá como obxectivo a fluidez. Os textos para as actividades, tanto de comprensión oral como de comprensión escrita, serán variados e auténticos ou semiauténticos para o desenvolvemento da escoita extensiva e intensiva respectivamente. A súa lonxitude e complexidade irá aumentando pouco a pouco. As actividades de expresión oral e escrita proporcionarlles a oportunidade de comunicarse libremente e desenvolve-la fluidez para lograr unha comunicación eficaz. O proceso de escritura será tamén un punto fundamental; a súa introducción será gradual e o control destas tarefas será paulatinamente menor. En resumen, poñerase énfases nas funcións da linguaxe e no uso comunicativo do idioma.

Tamén realizaranse actividades para a práctica da lingua oral e escrita cuxo obxectivo será a exactitude e precisión no uso de estruturas e conceptos. Fomentarase o uso de termos gramaticais básicos, a relación da gramática inglesa coa propia: similitudes e diferencias; o léxico será variado e presentarse de forma gradual. O tratamento da pronunciación será sistemático; será mais prioritario o recoñecemento de sons, acento, ritmo e entoación ca produción. O reciclaxe, consolidación e revisión do aprendido e practicado serán unha constante o longo do curso.

Propiciarase a reflexión sistemática sobre o inglés como medio de comunicación e animarase ó alumnado a reflexionar sobre as normas e uso da lingua, personaliza-lo aprendido, dedución de regras gramaticais e proporcionaránelles as destrezas necesarias para que cheguen a ser máis autónomos. Para facilitarlles isto último e para que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe, realizarán actividades que lles proporcionarán a oportunidade de reflexionar sobre ese proceso, pensar en estratexias de comunicación, avalía-lo seu propio progreso e desenvolver técnicas de estudo.

2.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A avaliación ha de ser continua e formativa baseada tanto nas probas como no traballo cotián e na participación nas actividades. As probas medirán tanto as destrezas receptivas coma as productivas. As actividades de avaliación serán do mesmo tipo cas de aprendizaxe, abordando tanto o dominio da diversidade de procedementos coma de adquisición de conceptos e desenvolvemento de actitudes.

Para a recollida de información con vistas á avaliación utilizaranse diversos instrumentos: observación sistemática, análise das producións do alumnado (proxectos, exercicios do *workbook*, producións orais...), intercambios orais co alumnado (diálogo, entrevista...), probas específicas (obxectivas, exposición do proxecto, resolución de exercicios...), autoavaliación, coavaliación...

A avaliación inicial ou de diagnostico realizarase ó principio de cada curso para coñecer ó alumnado e determina-lo punto de partida do noso ensino e ó principio de cada lección para sabe-los coñecementos previos e a aceptación do tema (autoavaliación sobre o tema, *warm ups*...).

A avaliación formativa facilitará ó alumnado o saber como vai progresando na súa aprendizaxe e apoiara-o en dito proceso. Teranse en conta os seguintes puntos: deberes, comportamento ou actitudes xerais, participación na clase, traballo en grupo, caderno de traballo, redaccións, *workbook*, *projects*, destrezas.

Esta avaliación formativa pode verse apoiada pola autoavaliación que anima ó alumnado a pensar e reflexionar no proceso de aprendizaxe, avaliando o seu propio progreso e as súas dificultades. Faranse actividades que axuden ó alumnado a pensar nas catro destrezas, que desenvolvan as técnicas de estudo para chegar a unha autonomía maior e se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Para elas utilizarase o diario do alumno, o apartados de *Progress check* e avaliación do seu progreso ó longo do período dunha avaliación finalizada. O alumno pode tamén autocorrexirlos seus traballos orais e escritos.

A avaliación sumativa medirá os resultados de aprendizaxe e acumulará notas nos seguintes apartados: traballo de clase e casa, destrezas, probas obxectivas, actitude, participación, esforzo, progreso e uso do inglés na clase.

Levarase a cabo por medio de exames e probas obxectivas que midan o que os alumnos saben facer coa lingua e o que saben sobre ela (avalían tanto o *input* coma as destrezas e o alumnado debe supera-lo 50% de todas elas para a aplicación do baremo), observación e análise das actividades que o alumnado realiza na

clase. A avaliación do progreso do alumnado ó longo do curso permite a realización dun *feedback* constante acerca do seu progreso.

3.- CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Dado que nesta sinatura a avaliación é continua non hai ningunha actividade específica para a recuperación pero na clase traballase con aqueles alumnos que non superan a avaliación repasando aqueles contidos que non foran asimilados, polo que aqueles alumnos que vaian superando as avaliacións seguintes a suspensión considerase que teñen recuperada a materia.

4.- PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

A proba de setembro contará con preguntas de gramática, traducción, vocabulario,... unha redacción (writing) e un texto (reading).

A cualificación da proba será da seguinte maneira: sobre un total de 10 puntos, as preguntas de gramática valerán 6 puntos, o "writing" 2 puntos e o "reading" 2 puntos.

5.- ALUMNOS CON INGLÉS PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

Tendo en conta que a materia de Lingua Inglesa é de contido progresivo os alumnos e alumnas con dita materia pendente poderán superala tendo superada a materia pertencente ao curso en que están matriculados no momento que se convoque a proba final do mes de maio.

As profesoras de cada grupo con alumnos pendentes farán o seguimento destes alumnos ó longo das dúas primeiras avaliacións.

Xa que todo o alumnado ten dereito a realizar a proba final de maio, no caso de presentarse a esta proba aqueles alumnos que teñan superada a materia pendente como consecuencia da avaliación continua, será a nota da proba de maio a que se terá en conta.

As probas finais de maio será igual que a de setembro e cos mesmos criterios de cualificación.

6.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O ámbito da lingua estranxeira, a avaliación continua desta e a presenza constante de actividades de retroalimentación, consolidación e ampliación fan posible a atención á diversidade do alumnado. Tódalas actividades permiten unha certa variedade de produción de modo que tódolos alumnos poden demostra-lo que saben. Para facilita-lo tratamento da diversidade a clase organizárase en grupos homoxéneos e/ou heteroxéneos segundo cada actividade.

Os alumnos con distintas capacidades poden traballar xuntos e aprender dos seus compañeiros na realización de traballos en grupo, parella e proxectos. Neles, fomentando o espírito cooperativo, prestarase axuda ós compañeiros que a necesiten.

Os alumnos que necesiten práctica adicional para alcanza-lo nivel da clase realizarán actividades de reforzo: textos de lectura cun vocabulario máis controlado e accesible, exercicios de repaso e consolidación de puntos concretos. Para aqueles alumnos que rematen as súas tarefas moito antes que os seus compañeiros, as actividades serán de ampliación, tendo un gran compoñente de motivación e diversión: consolidación e ampliación do traballo realizado na clase.

6.1. Adaptacións curriculares

Realízanse tras unha avaliación psicopedagóxica do alumno e fíxase un programa de traballo personalizado.

6.2 Programas de diversificación curricular

Hai un Programa de Diversificación Curricular en 3º da ESO con 13 alumnos.

Hai dous Programas de Diversificación Curricular en 4º da ESO, un conta con 11 alumnos é continuación dun Programa de Diversificación Curricular de dous anos que comezou o curso pasdao e o outro conta con 6 alumnos e só dun ano.

7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizarase unha actividade complementaria no primeiro curso da E.S.O. Neste curso ofreceráse ós alumnos a posibilidade de asistir a unha proxección dunha película en lingua inglesa.

Realizarase un conta contos para o resto do alumnado na primeira o segunda avaliación.

PROGRAMACIÓN DE 1º ESO

1.- CONTEXTUALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN

1.1. Profesores que imparten a área ou materia

Imparten a materia neste curso as profesoras Esther Felpeto Gayoso (tres grupos) e Mª Cruz Lamas Rego (dous grupos).

1.2. Características do/dos Grupo/s e do centro de traballo

Hai seis grupos neste curso distribuídos da seguinte maneira:

1º ESO A (E1A)	24 alumnos	1º ESO D (E1D)	26 alumnos
1º ESO B (E1B)	23 alumnos	1º ESO E (E1E)	25 alumnos
1º ESO C (E1C)	24 alumnos		

1.3. Planificación temporal da área ou materia

O curso está dividido en tres avaliacións e a materia divídese por avaliacións da seguinte maneira:

1ª avaliación: UNIT 1- UNIT 3

2ª avaliación: UNIT 4 - UNIT 6

3ª avaliación: UNIT 7 - UNIT 9

2.- OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Comprender a información global de mensaxes orais e escritos relativos a diferentes situacións de comunicación: necesidades materiais, relacións sociais, sensacións físicas, sentimentos, opinións, experiencias persoais... emitidas polo profesor, os compañeiros ou nativos conscientes de estar falando cun interlocutor estranxeiro.
- Identifica-la idea principal e as secundarias.
- Entende-la información global dos medios de comunicación e de reprodución mecánica.
- Recoñece-los elementos imprescindibles para a comprensión da mensaxe, coa axuda do profesor, os compañeiros ou o dicionario.
- Emitir mensaxes orais ou escritos comprensibles para o receptor cunha estrutura lineal e sinxela.
- Producir mensaxes orais referentes á vida diaria: dar e pedir información, expresar necesidades, gustos, sentimentos, experiencias persoais, describir feitos, narrar acontecementos e manifesta-la opinión propia.
- Empregar estratexias lingüísticas apropiadas para evitar que se rompa a comunicación: pedir axuda, aclaracións, simplificar, parafrasear... e estratexias non lingüísticas: soportes visuais, xestos, sons...
- Producir mensaxes escritos sinxelos, breves e de utilidade na vida diaria: cumplimentación de formularios, enquisas, cuestionarios de datos persoais e cartas informais.
- Presenta-los textos escritos de maneira ordenada e concisa.
- Utiliza-los elementos de cohesión e os signos de puntuación correctos.

- Interesarse por comprende-las mensaxes orais e escritas emitidas polo profesor ou polos compañeiros e por facerse entender nas emisións propias.
- Aborda-la lectura intensiva por medio de mensaxes escritos de carácter interpersonal: instrucións de clase, notas, cartas...
- Traballar outros textos de estrutura lineal e vocabulario sinxelo referidos a aspectos familiares para o alumnado: descritivos, narrativos, informativos, tebeos, historietas, anuncios públicos, artigos de revistas xuvenís...
- Comprende-la información global e os elementos relevantes destes textos, sen necesidade de entender todos e cada un dos elementos do mesmo.
- Interesarse por conseguí-la autonomía lectora.
- Descubri-las posibilidades da lectura como fonte de pracer e fantasía, de información e saber. Interesarse por ler textos na lingua estranxeira co fin de obter información, ampliar coñecementos, disfrutar.
- Usa-lo inglés como lingua vehicular para tódalas actividades que se desenrolen na aula.
- Reflexionar sobre os principais mecanismos implicados na aprendizaxe das linguas estranxeiras: importancia da escoita, da participación, da actitude positiva ou negativa cara a lingua.
- Usar de maneira consciente algúns dos mecanismos implicados na aprendizaxe da lingua estranxeira: parafrasear, deducir, ordenar...
- Emprega-los coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección para mellora-la eficacia comunicativa de producións propias e para comprender mellor as alleas.
- Reflexionar sobre a especificidade do código oral e escrito.
- Valora-lo enriquecemento persoal que supón a relación coas persoas pertencentes a outras culturas.
- Adoptar unha actitude de curiosidade e ríspeto polas formas de vida dos países onde se fala inglés.
- Ter conciencia de pertencer a unha sociedade multicultural e multilingüe.
- Recoñecer e apreciar conductas verbais, mímicas e xestuais inherentes á lingua estranxeira como expresión de toda unha cultura, unha forma de entender e codifica-la realidade e de organiza-las relacións interpersoais.
- Relacionarse con outras persoas atendendo ás regras propias do intercambio comunicativo e adoptando actitudes de cooperación, tolerancia, valorando a axuda que supón o coñecemento da lingua estranxeira para participar nas relacións internacionais e noutros ámbitos de actividade humana.
- Ter unha actitude receptiva ante as informacións dispoñibles na lingua estranxeira.
- Valorar de forma crítica as formas de vida e outros aspectos socioculturais dos países onde se fala inglés.
- Inicia-la reflexión sobre a lingua e o seu aprendizaxe.
- Pensar cales son os seus propios mecanismos de aprendizaxe e cales lle resultan máis eficaces.
- Responsabilizarse da súa propia andadura. Cooperar en tarefas relacionadas coa reflexión sobre a lingua.

3.- OBXECTIVOS DE AREA E MÍNIMOS

DESTREZAS

- O dominio da comprensión oral e escrita e da expresión oral e escrita ha de ser a nivel de iniciación.

MORFOSINTAXE

- O verbo: be, have, presente simple e continuo, pasado simple dos verbos regulares e irregulares, "going to", imperativo, there is/are, can, want to.
- Pronomes: persoais suxeito e obxecto, posesivos, demostrativos, interrogativos, cuantitativos.
- Substantivos: plural, contables e incontables.
- Adxectivos: cualificativos, numerais, demostrativos, posesivos, cuantitativos, toponímicos.
- Adverbios: de frecuencia, de tempo, de grado.
- Artigos: definido e indefinido.

- Preposicións: on, in, at, de lugar.
- Conxuncións: and, but, because, so.
- Caso posesivo.
- Likes and dislikes
- Orde da oración.
- Partículas interrogativas.
- Too + adxectivo.
- What's the ... like?
- Comparativo e superlativo de adxectivos curtos e de good e bad.

FUNCTIONS

- Dar e preguntar a idade, saudar, presentar unhas persoas a outras.
- Preguntar onde está algo, cómo se di algo en inglés
- Intercambiar información sobre un mesmo: nome, idade, nacionalidade e procedencia, teléfono, dirección, datos familiares, aficións.
- Intercambiar información sobre a familia , o aspecto propio e o dos demais, o que gusta e non gusta, a vida diaria, as prendas de vestir, planes propios, o tempo.
- Pedir permiso, ofrecer e rexeitar axuda, facer suxestións.
- Preguntar e da-la hora, prezos e consumicións, información sobre lugares e servicios.
- Pedir e dar información sobre a situación dun lugar concreto, datas.
- Falar por teléfono.
- Expresar capacidade e habilidade, opinións.
- Dar e comprender ordenes.
- Describi-lo que está sucedendo agora.
- Narrar acontecementos pasados.
- Realizar comparacións.

VOCABULARIO

- Datos persoais, actividades e obxectos da vida diaria.
- Habitacións da casa, mobles.
- Adxectivos comúns, adxectivos e os seus contrarios.
- Países e nacionalidades, puntos cardinais, lugares
- Saúdos.
- Números do 20 a o 1000, números ordinais.
- alfabeto.
- Días da semana, meses e estacións, horas.
- Ropa e cores.
- Membros da familia.
- Descrición física e de personalidade.
- Tipos de música.
- Comida e bebida.
- Diñeiro inglés.
- Actividades do tempo libre, deportes.
- Mascotas.
- Posesións persoais.
- Conectores.
- Adverbios de frecuencia, expresións adverbiais de tempo.
- tempo.
- Medio ambiente.

4.- SECUENCIA DE CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

UNIT 1: MY FAMILY

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo á familia e ós amigos, así coma ás partes do corpo.
- Aplicar aspectos gramaticais como o verbo *have got*: *affirmative, negative and interrogative*.
- Producir textos orais e escritos tales como descrições de familiares e amigos.
- Practicar a pronuncia do son /h/.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación co tema da familia.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Presentar e describir a xente	<u>Estruturas</u> <i>have got</i> : formas afirmativa, negativa e interrogativa	Grammar • Completar varias frases e unha entrevista (páx. 12 ex. 2; páx. 13 ex. 5) • Construír frases negativas, preguntas e respostas breves (páx. 12 exs. 3, 4) • Construír frases utilizando posesivos (páx. 13 ex. 8)	• Desexo de coñecer a estrutura formal da lingua inglesa • Valoración da corrección formal na aprendizaxe dunha lingua
	<i>O posesivo en 's</i>	Reading • Identificar os personaxes da foto (páx. 15 ex. 1) • Responder a preguntas de comprensión (páx. 15 ex. 2)	
Pedir e dar información sobre a familia e os amigos	Unha familia de película (a familia Addams)	Writing • Aprender e aplicar varias normas de uso (páx. 15 ex. 4) • Redactar un texto sobre a familia coa axuda dun plan de redacción (páx. 15 ex. 6)	• Desexo de mellorar a propia produción escrita na lingua estranxeira • Interese por traballar na comprensión da lingua inglesa
	As maiúsculas	Listening • Identificar os personaxes de dúas conversas; completar información sobre eles (páx. 14 exs. 7, 8) • Localizar os lugares que se citan na gravación (páx. 14 ex. 9)	
	A familia e os amigos		

B. VOCABULARIO

Vocabulary	Termos de parentesco	• Relacionar ilustracións e palabras; construír frases sobre o tema (páx. 9 ex. 1) • escoitar e repetir vocabulario; identificar termos femininos e masculinos; traducilos á lingua materna (páx. 9 exs. 2, 3) • Facer e responder a preguntas sobre a familia de cada cal; escribir frases sobre o tema (páx. 9 exs. 4, 5)	• Desexo de ampliar vocabulario de uso común na lingua en estudo
Word check	Partes do corpo	• Identificar e traducir varios termos da historia ilustrada (páx. 11 exs. 4, 5) • Debuxar unha persoa e poñerlles nome ás distintas partes do seu corpo (páx. 11 ex. 6)	• Interese por familiarizarse con léxico e expresións de uso diario na lingua inglesa
Real English	Expresións coloquiais	• Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 11 ex. 3)	
Everyday English	Expresións de uso diario	• escoitar e traducir expresións habituais (páx. 14 ex. 2) • Practicar un diálogo, identificando os lugares que se citan nel (páx. 14 ex. 2) • Construír e practicar un diálogo por parellas (páx. 14 exs. 5, 6)	
C. FONÉTICA			
Pronunciation	O son /h/	• Identificar en diversos contextos o elemento fónico en estudo (páx. 13 exs. 6, 7)	• Interese por coñecer aspectos fonéticos do inglés

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	O Reino Unido	• Responder ás preguntas dun cuestionario; comprobar as respostas (páx. 16 exs. 1, 2) • Localizar lugares citados no texto (páx. 16 ex. 3)	• Interese por comparar os modelos que se mostran cos do propio contorno
-------------------------------	---------------	---	--

Temas transversais

Educación para a paz	• Coñecemento de realidades doutras partes do mundo
Educación moral e cívica	• Reflexión acerca da familia e das relacións familiares

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
- Unidade <i>Introduction</i>, SB páxs. 4-8 - Diagnostic test, <i>RB</i> e CD de avaliación - Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 9	Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	Test Unit 1, <i>RB</i> e CD de avaliación	Progress Check 1, Workbook páx. 12

Atención á diversidade

Actividades de reforzo	- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T9, T11, T12, T13, T14, T15 - Apartado <i>Grammar</i>, SB páxs. 106-107 - Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB páx. 128 - Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 - Apartado <i>Expression Bank</i>, SB páx. 135 - Workbook páxs. 7-11 - Actividades do <i>RB</i> - Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	- Actividades opcionais, GD/TG páxs. T10, T16 - Actividades do <i>RB</i> - Actividades do MultiROM

Clave de abreviaturas: SB Student's Book GD Guía Didáctica TG Teacher's Guide RB Resource Book

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relacionado con hábitos diarios, días da semana e meses do ano.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *present simple affirmative*, os adverbios de frecuencia ou os pronomes adxectivos posesivos.
- Producir textos orais e escritos tales como descrições de costumes e plans.
- Practicar a pronuncia da desinencia da terceira persoa do singular.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación coas celebracións de distintos países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Manter conversas telefónicas Pedir e dar información acerca de hábitos diarios	<u>Estruturas</u> <i>Present simple affirmative</i> <i>Adverbs of frequency</i> <i>Pronouns and possessive adjectives</i> ¿Un venres calquera?	Grammar • Completar frases e un texto a partir da información dunha táboa (páx. 20 exs. 1-4) • Traducir varios adverbios e utilízalos para construír frases (páx. 21 exs. 7-9) • Completar unha táboa de pronomes e adxectivos (páx. 21 ex. 10) • Escoller o termo adecuado para completar diversas frases (páx. 21 exs. 11, 12) Reading • Identificar o personaxe da foto (páx. 23 ex. 1) • Completar frases a partir da información do texto (páx. 23 ex. 2) • Localizar no mapa cidades que se citan no texto (páx. 23 ex. 3) Writing • Relacionar os signos de puntuación cos seus nomes en inglés (páx. 23 ex. 4) • Engadir signos de puntuación a varias frases (páx. 23 ex. 5) • Redactar un texto coa axuda de léxico e dun plan de redacción (páx. 23 ex. 6) Listening • Captar información global e específica para responder a preguntas de comprensión (páx. 22 exs. 5, 6)	• Interese por coñecer a estrutura formal da lingua en estudo • Valoración da corrección formal para a aprendizaxe dunha lingua • Desexo de acercarse á lectura para poder acceder a contidos de interese • Interese por mellorar a propia produción de textos en inglés • Atención durante a utilización do material gravado en inglés
	Signos de puntuación Suxestións para o tempo libre		

B. VOCABULARIO			
Vocabulary	Actividades diarias	• Tras escoitar e repetir diversos elementos léxicos, relacionar actividades e horarios (páx. 17 exs. 1, 2) • Completar frases acerca dos propios hábitos e comparar o resultado por parellas (páx. 17 exs. 3, 4)	• Interese por practicar vocabulario na lingua inglesa • Desexo de avanzar no uso de expresións habituais dos raaoces anglosaxóns • Desexo de participar en intercambios comunicativos cos compañeiros da clase
Word check	Días da semana e meses do ano	• Identificar elementos léxicos na historia ilustrada; completar termos relativos ó tema, así coma un calendario (páx. 19 exs. 4-6) • Realizar un intercambio comunicativo por parellas (páx. 19 ex. 7)	
Real English	Expresións coloquiais	• Identificar e traducir varias expresións da historia (páx. 18 ex. 3)	
Everyday English	Expresións de uso diario	• Escoitar unha conversa para completala por escrito; practicala en voz alta (páx. 22 exs. 1, 2) • Construír un diálogo con axudas visuais; representalo por parellas (páx. 22 exs. 3, 4)	
C. FONÉTICA			
Pronunciation	A terceira persoa do singular (<i>he/she /it</i>)	• Practicar as distintas pronuncias deste elemento gramatical (páx. 20 exs. 5, 6)	• Interese por coñecer aspectos fonéticos do inglés

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	Celebracións arredor do lume	• Localizar os países citados no texto (páx. 24 exs. 1, 2) • Distinguir frases verdadeiras e falsas; corrixir estas últimas (páx. 24 ex. 3)	• Interese por comparar manifestacións culturais de distintas partes do mundo
------------------------	------------------------------	--	---

Temas transversais

Educación para a saúde	• Reflexión arredor de hábitos saudables para o tempo de ocio
Educación para a paz	• Coñecemento de realidades distintas ás propias para favorecer o entendemento entre os pobos

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
• Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 17	• Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	• Test Unit 2, RB e CD de avaliación	• Progress Check 2, Workbook páx. 18

Actividades de reforzo	• Actividades opcionais, GD/TG páxs. T17, T18, T19, T20, T21, T22 • Apartado <i>Grammar</i>, SB páx. 108 • Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB páx. 128 • Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 • Apartado <i>Expression Bank</i>, SB páx. 135 • Workbook páxs. 13-17 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	• Actividades opcionais, GD/TG páxs. T20, T24 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario deportivo, así coma preposicións incluídas nas expresións temporais.
- Traballar o *present simple negative and interrogative* e as partículas interrogativas.
- Producir textos orais e escritos tales como entrevistas a deportistas.
- Practicar a entoación das oracións interrogativas.
- Establecer unha reflexión sociocultural sobre un tema universal: as Olimpíadas.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Facerse socio dun polideportivo Pedir e dar información acerca dos propios hábitos deportivos, así coma dos hábitos doutras persoas Preparar unha entrevista	<u>Estruturas</u> <i>Present simple negative and interrogative</i>	Grammar • Completar frases a partir da información dunha táboa de verbos (páx. 28 exs. 1, 2) • Construír frases negativas e interrogativas; utilízalas en intercambios comunicativos por parellas (páx. 28 exs. 3-5) • Completar un diálogo con formas de presente (páx. 29 ex. 6) • Relacionar as preguntas coas respostas do recadro; traducir as preguntas (páx. 29 exs. 9, 10) • Completar un cuestionario; practicalo por parellas utilizando partículas interrogativas (páx. 29 exs. 11, 12)	• Desexo de afondar no coñecemento da estrutura formal da lingua estranxeira • Valoración da corrección formal na aprendizaxe de calquera lingua • Interese pola lectura como forma de ampliar coñecementos sobre temas coñecidos • Desexo de mellorar a nosa produción escrita na lingua inglesa • Interese por participar nunha aprendizaxe cooperativa a través de intercambios orais cos compañeiros da clase
	Partículas interrogativas	Reading • Captar información global e específica nun texto escrito (páx. 31 exs. 1, 2) • Localizar nun mapa a cidade que se cita no texto (páx. 31 ex. 3)	
	Unha estrela do fútbol	Writing • Completar frases utilizando os pronomes adecuados (páx. 31 ex. 4) • A partir das notas, escribir unha entrevista cunha deportista (páx. 31 ex. 5)	
	O suxeito da frase	Listening • Completar unha ficha a partir da información dun texto gravado (páx. 30 ex. 6)	
	Formularios de inscrición		

B. VOCABULARIO

Vocabulary	Léxico deportivo	- Relacionar ilustracións e palabras; completar unha táboa utilizando ese léxico; construír frases sobre o tema (páx. 25 exs. 1-3) - Identificar información específica para completar unha ficha (páx. 25 ex. 4)	Desexo de ampliar vocabulario na lingua inglesa
Word check	Preposicións propias de expresións de tempo	Identificar varios termos na historia ilustrada; completar unha táboa con ese léxico (páx. 27 exs. 4, 5)	Interese por familiarizarse con léxico e expresións de uso común na lingua estranxeira
Real English	Expresións coloquiais	Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 26 ex. 3)	
Everyday English	Expresións de uso diario	- Responder a preguntas de comprensión acerca dun diálogo (páx. 30 ex. 1) - Escoitar, repetir e traducir expresións do diálogo; practicar a lectura dese diálogo (páx. 30 exs. 2, 3) - Construír e practicar un diálogo (páx. 30 exs. 4, 5)	
C. FONÉTICA			
Pronunciation	A entoación das oracións interrogativas	Escoitar e practicar a entoación de diversas frases (páx. 29 exs. 7, 8)	Interese por coñecer aspectos prosódicos da lingua inglesa

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	As Olimpíadas	- Identificar os deportes das fotos (páx. 32 ex. 1) - Ler un texto e responder a preguntas de comprensión sobre el (páx. 32 exs. 2, 3) - Localizar no mapa as cidades que se citan no texto (páx. 32 ex. 4)	Interese por afondar en temas universais tales coma o dos Xogos Olímpicos
-------------------------------	---------------	---	---

Temas transversais

Educación moral e cívica	Reflexión acerca dos comportamentos idóneos para desenvolver actividades tanto individuais coma de grupo no ámbito deportivo
Educación para a saúde	Observación de actividades físicas beneficiosas para o equilibrio tanto físico coma psicolóxica das persoas

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 29	Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	Test Unit 3, RB e CD de avaliación	Progress Check 3, Workbook páx. 24

Actividades de refuerzo	• Actividades opcionais, GD/TG páxs. T27, T31 • Apartado <i>Grammar</i>, SB pág. 110 • Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB pág. 128 • Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 • Apartado <i>Expression Bank</i>, SB pág. 135 • Workbook páxs. 19-23 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	• Apartado <i>Try this!</i>, SB pág. 29 • Actividade opcional, GD/TG pág. T27 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM

UNIT 4: AROUND THE WORLD

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo ó tempo meteorolóxico, ós países e ás nacionalidades.
- Practicar aspectos gramaticais como o *present continuous*.
- Producir textos orais e escritos tales coma mensaxes de correo electrónico.
- Practicar a pronuncia da desinencia *-ing (/IN/)*.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación cos animais e co seu contorno natural.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Manter conversas telefónicas Pedir e dar información para adquirir algo nun establecemento	<u>Estruturas</u> <i>Present continuous</i>	Grammar • A partir da información dunha táboa, construír formas verbais en <i>-ing</i> e completar diversas frases e dous textos (páxs. 40-41 exs. 1-5) • Construír preguntas ordenando os seus elementos; responder a elas con axudas visuais (páx. 41 exs. 7, 8) Reading • Identificar o país do remitente nun correo electrónico (páx. 43 ex. 1) • Distinguir entre frases verdadeiras e falsas; corrixir estas últimas (páx. 43 ex. 2) Writing • Corrixir os erros que inclúe un texto (páx. 43 ex. 3) • Redactar un correo electrónico para responder ó de Erica coa axuda dun plan de redacción (páx. 43 ex. 4) Listening • Identificar na gravación o que comprou cada personaxe (páx. 42 ex. 5) • Captar información específica para escoller os prezos correctos (páx. 42 ex. 6)	• Interese por avanzar no coñecemento formal da lingua en estudo • Valoración da corrección formal na aprendizaxe dunha lingua • Interese por mellorar a propia produción de textos en inglés • Atención ó material gravado que ofrece o curso
	Amigos por correspondencia cibernética		
	Repaso da ortografía		
	Compras nunha tenda		

B. VOCABULARIO

Vocabulary	O tempo meteorolóxico	• escoitar e repetir elementos léxicos (páx. 37 ex. 1) • Escribir frases acerca do tempo en diversas cidades; practicalas por parellas (páx. 37 exs. 2, 3)	• Desexo de participar en intercambios comunicativos cos compañeiros da clase
Word check	Países e nacionalidades	• Completar unha táboa utilizando léxico da historia ilustrada (páx. 39 ex. 4) • Localizar nun mapa os países correspondentes a varias nacionalidades (páx. 39 ex. 5)	• Interese por practicar vocabulario na lingua inglesa
Real English	Expresións coloquiais	• Identificar e traducir varias expresións da historia (páx. 38 ex. 3)	
Everyday English	Expresións de uso diario	• Completar e practicar un diálogo tras escoitar a súa gravación (páx. 42 exs. 1, 2) • Construír un diálogo con axudas visuais; representalo por parellas (páx. 42 exs. 3, 4)	• Desexo de avanzar no uso de expresións habituais dos rapaces anglosaxóns
C. FONÉTICA			
Pronunciation	A desinencia <i>-ing</i> (/IN/)	• escoitar e practicar a pronuncia das formas en <i>-ing</i> (páx. 41 ex. 6)	• Desexo de coñecer aspectos da fonética da lingua inglesa

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	Animais e hábitats	• Responder a un cuestionario; comprobar as respostas na gravación (páx. 44 exs. 1, 2) • Localizar nun mapa os lugares que se citan no cuestionario (páx. 44 ex. 3)	• Interese por observar a natureza de distintos puntos do planeta
-------------------------------	--------------------	--	---

Temas transversais

Educación ambiental	• Aprendizaxe de datos relativos a distintas especies animais como primeiro paso para respectar o seu contorno natural
Educación para o consumo	• Observación de convencións propias das tranxaccións comerciais

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
• Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 37	• Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	• Test Unit 4, RB e CD de avaliación	• Progress Check 4, Workbook páx. 30

Actividades de reforzo	• Actividades opcionais, GD/TG páxs. T37, T38, T39, T40, T41 • Apartado <i>Grammar</i>, SB páx. 112 • Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB páx. 128 • Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 • Apartado <i>Expression Bank</i>, SB páx. 135 • Workbook páxs. 25-29 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	• Apartado <i>Try this!</i>, SB páx. 41 • Actividades do <i>RB</i> • Actividades do MultiROM

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo ós edificios das cidades, así coma a preposicións de lugar.
- Practicar as formas verbais *there is / there are* e o imperativo.
- Producir textos orais e escritos tales como descrições de contornos urbanos.
- Practicar o acento na palabra.
- Establecer unha reflexión sociocultural acerca do uso de diversos medios de transporte.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Dar indicacións para chegar a un lugar	<u>Estruturas</u> <i>there's / there are</i>	Grammar • Estudar unha táboa de verbos para contrastar as formas coas da lingua materna (páx. 48 ex. 1) • Construír frases afirmativas e negativas incluíndo as formas verbais en estudo (páx. 48 exs. 2-5) • Completar preguntas e respostas breves; practicar con frases similares acerca dunha rúa da nosa cidade (páx. 49 exs. 6, 7) • Completar frases en imperativo utilizando verbos dados e pistas visuais (páx. 49 ex. 8)	• Desexo de afondar no coñecemento da estrutura formal da lingua estranxeira • Valoración da corrección formal na aprendizaxe dunha segunda lingua
	O imperativo		
	Xogos de ordenador	Reading • Encontrar información global e específica nun texto para identificar lugares dunha cidade e responder a preguntas de comprensión (páx. 51 exs. 1, 2)	• Interese pola lectura como forma de ampliar coñecementos sobre temas de interese xeral
	<i>and e but</i>		
Describir vilas e cidades	Indicacións	Writing • Completar frases utilizando preposicións dadas (páx. 51 ex. 3) • Describir a cidade ideal coa axuda dun plan de redacción (páx. 31 ex. 5) Listening • Captar na gravación a información necesaria para localizar varios edificios (páx. 50 ex. 6)	• Desexo de mellorar a propia produción escrita na lingua inglesa

B. VOCABULARIO

Vocabulary	Lugares dunha cidade	• Relacionar ilustracións e palabras; escoitalas e practicar a súa pronuncia (páx. 45 exs. 1, 2)	• Desexo de ampliar vocabulario útil para moverse en contornos urbanos
Word check	Preposicións de lugar	• Construír frases a partir da información dunha táboa (páx. 45 ex. 3)	
Real English	Expresións coloquiais	• Completar frases utilizando preposicións dadas; traducilas no caderno (páx. 47 exs. 5, 6)	• Interese por familiarizarse con léxico e expresións de uso común na lingua inglesa
Everyday English	Expresións de uso diario	• Identificar e traducir varias expresións da historia ilustrada (páx. 46 ex. 3) • Aplicar o criterio dado para distinguir diversas expresións (páx. 46 ex. 4) • Captar información global e específica no diálogo para completar un texto e localizar un edificio no plano (páx. 50 exs. 1, 2) • Construír un diálogo e practicalo por parellas (páx. 50 exs. 3-5)	• Desexo de desenvolver unha aprendizaxe cooperativa na aula
C. FONÉTICA			
Pronunciation	O acento na palabra	• Clasificar diversas palabras en función da sílaba acentuada (páx. 49 exs. 9, 10)	• Interese por coñecer aspectos prosódicos da lingua inglesa

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	Medios de transporte	• Identificar os medios de transporte nas fotos (páx. 52 ex. 1) • Predicir se varias frases relativas ó texto son verdadeiras ou falsas; comprobar as hipóteses lendo e escoitando o texto (páx. 52 exs. 2, 3) • Localizar nos mapas as cidades que se citan no texto (páx. 52 ex. 4)	• Interese por afondar en cuestións de incidencia social
-------------------------------	----------------------	---	--

Temas transversais

Educación vial	• Reflexión arredor da utilización de diversos métodos de transporte, así coma o seu impacto ambiental
Educación moral e cívica	• Observación das convencións sociais adecuadas cando nos movemos en ámbitos urbanos

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 45	Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	Test Unit 5, <i>RB</i> e CD de avaliación	Progress Check 5, Workbook páx. 36

Atención á diversidade

Actividades de reforzo	- Actividades opcionais, <i>GD/TG</i> páxs. T47, T49 - Apartado <i>Grammar</i>, SB páx. 114 - Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB páx. 128 - Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 - Apartado <i>Expression Bank</i>, SB páx. 135 - Workbook páxs. 31-35 - Actividades do <i>RB</i> - Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	- Apartado <i>Try this!</i>, SB páx. 49 - Actividade opcional, <i>GD/TG</i> páx. T47 - Actividades do <i>RB</i> - Actividades do MultiROM

UNIT 6: FOOD AND HEALTH

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo a alimentos e bebidas, así coma ó plural dos substantivos.
- Aplicar aspectos gramaticais coma os substantivos contables e incontables, *some* e *any* e os pronomes indefinidos.
- Producir textos orais e escritos tales como as descrições dos hábitos alimenticios.
- Practicar o acento na frase.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación con temas coma o da alimentación.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes
Formular invitacións	<u>Estruturas</u> Substantivos contables e incontables <i>some and any</i>	Grammar • Completar unha táboa e varias frases a partir de información sobre substantivos (páx. 56 exs. 1-3) • A partir da información da táboa, escoller o elemento adecuado para completar cada frase (páx. 56 exs. 4, 5) • Completar un parágrafo con elementos dados (páx. 57 ex. 6) • Realizar un intercambio comunicativo por parellas (páx. 57 ex. 7) • A partir de diversos exemplos, completar frases con pronomes indefinidos (páx. 57 exs. 9, 10)	• Desexo de coñecer a estrutura formal da lingua inglesa • Valoración da corrección formal na aprendizaxe dunha lingua estranxeira
Pedir e dar información acerca de hábitos alimenticios	Pronomes indefinidos Revisar os aspectos gramaticais dun texto Suxestións e invitacións	Reading • Captar información global e específica para responder a preguntas de comprensión (páx. 59 exs. 1, 2) • Localizar no mapa o país de orixe do personaxe do texto (páx. 59 ex. 3) Writing • Corrixir erros gramaticais nun texto (páx. 59 ex. 4) • Redactar un texto coa axuda dun plan de redacción (páx. 59 ex. 5) Listening • Captar información global e específica nun texto gravado (páx. 58 exs. 6, 7)	• Interese pola lectura como fonte de acceso a realidades doutros países • Desexo de mellorar a propia produción na lingua inglesa • Interese por afondar no coñecemento da lingua inglesa

B. VOCABULARIO			
Vocabulary	Alimentos e bebidas	• escoitar e practicar os termos da actividade (páx. 53 ex. 1) • Clasificar alimentos segundo o criterio proposto (páx. 53 ex. 2) • Realizar un intercambio comunicativo por parellas sobre o tema da sección (páx. 53 ex. 3)	• Desexo de ampliar vocabulario acerca de cuestións de interese para a nosa vida diaria • Interese por familiarizarse con léxico e expresións de uso común na lingua en estudo
Word check	Regras de formación do plural dos substantivos	• Construír o plural de substantivos extraídos da historia (páx. 55 ex. 5) • Identificar as regras de formación que se lles aplican ós distintos substantivos (páx. 55 ex. 6)	
Real English	Expresións coloquiais	• Identificar e traducir varias expresións na historia ilustrada (páx. 54 ex. 4)	
Everyday English	Expresións de uso diario	• Captar información nunha conversa para completar unha táboa e identificar estruturas de futuro; practicar esta conversa (páx. 58 exs. 2, 3) • Construír e practicar un diálogo (páx. 58 exs. 4, 5)	
C. FONÉTICA			
Pronunciation	O acento na frase	• Identificar na gravación os elementos que se acentúan en cada frase (páx. 57 ex. 8)	• Desexo de familiarizarse con aspectos fónicos do inglés

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	A comida rápida	• Completar un texto con palabras dadas (páx. 60 ex. 1) • Encontrar información específica no texto para identificar as frases correctas (páx. 60 ex. 2) • Responder a preguntas sobre os propios hábitos alimenticios (páx. 60 ex. 3)	• Interese por comparar os propios hábitos cos que mostra o material da unidade
-------------------------------	-----------------	--	---

Temas transversais

Educación para a saúde	• Reflexión acerca da conveniencia ou non de adquirir certos hábitos alimenticios propios da cultura occidental actual
Educación para a paz	• Aproximación a aspectos da cultura de países xeograficamente distantes para lograr un entendemento e unha proximidade a outros niveis

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
• Apartado <i>What's in this unit?</i> , SB páx. 53	• Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	• Test Unit 6, RB e CD de avaliación	• Progress Check 6, Workbook páx. 42

Atención á diversidade

Actividades de reforzo	• Actividades opcionais, GD/TG páxs. T53, T54, T55, T56, T57, T59 • Apartado <i>Grammar</i>, SB páxs. 116 • Apartado <i>Irregular verbs</i>, SB páx. 128 • Apartado <i>Word Bank</i>, SB páxs. 129-134 • Apartado <i>Expression Bank</i>, SB páx. 135 • Workbook páxs. 37-41 • Actividades do RB • Actividades do MultiROM
Actividades de ampliación	• Apartado <i>Try this!</i> páx. 53 • Actividades do RB • Actividades do MultiROM

3ª AVALIACIÓN

UNIT 7: SCHOOL DAYS

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar vocabulario relativo ás materias escolares e ós números ordinais.
- Practicar aspectos gramaticais como o *past simple* de *be* e *there was / there were*.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos.
- Practicar as formas débiles /w@z/, /w@ (r)/.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación cos centros de Secundaria.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS

II REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

A. FUNCIÓNS DA LINGUAXE E DA GRAMÁTICA			
	Conceptos	Procedementos	Actitudes

Falar acerca do pasado	<u>Estruturas</u> <i>be: past simple</i>	Grammar • Construír frases a partir da información dunha táboa; poñelas na forma negativa (páxs. 68 exs. 1-3) • Completar un texto, varias frases interrogativas e respostas breves coas formas verbais en pasado (páx. 68 ex. 4; páx. 69 ex. 5) • Construír frases afirmativas, interrogativas e respostas breves coas formas verbais adecuadas; formular a regra de uso que corresponda (páx. 69 exs. 7-10)	• Interese por coñecer aspectos da estrutura da lingua inglesa
Pedir e dar información sobre a vida escolar	<i>there was / there were</i> Centros escolares británicos	Reading • Encontrar información xeral e específica para completar unha táboa (páx. 71 exs. 1, 2) • Localizar no mapa a cidade que se cita (páx. 71 ex. 3)	• Valoración da corrección formal durante a aprendizaxe dunha lingua estranxeira
Pedir e dar información sobre a vida escolar	División de textos en parágrafos	Writing • Identificar o tema de cada parágrafo (páx. 71 ex. 4) • Engadir frases adecuadas a cada parágrafo (páx. 71 ex. 5) • Redactar unha mensaxe de correo electrónico coa axuda dun plan de redacción (páx. 71 ex. 6)	• Interese por mellorar a propia produción de textos escritos en inglés
Pedir e dar información sobre a vida escolar	Feitos do pasado recente	Listening • Captar información específica para distinguir entre frases verdadeiras e falsas; corrixir estas últimas (páx. 70 exs. 6, 7)	• Atención ó material que se ofrece no libro do alumno

B. VOCABULARIO			
Vocabulary	Materias escolares	• Identificar materias escolares por escrito e nunha gravación; escoitar e practicar os seus nomes (páx. 65 exs. 1, 2) • Realizar intercambios comunicativos por parellas sobre o tema (páx. 65 ex. 3) • Ilustrar o horario de cada cal e escribir acerca del (páx. 65 ex. 4) • Completar unha táboa con elementos da historia; escoitar e practicar os ordinais (páx. 67 exs. 4, 5) • Responder a preguntas relativas á orde de varias clases (páx. 67 ex. 6)	• Interese por practicar en inglés vocabulario do contexto máis inmediato dos alumnos • Desexo de avanzar no uso de expresións propias dos rapaces anglosaxóns • Desexo de desenvolver unha aprendizaxe cooperativa
Word check	Números ordinais	• Identificar e traducir varias expresións da historia (páx. 66 ex. 3) • Captar información na gravación para responder a preguntas de comprensión (páx. 70 ex. 1) • Ler, practicar e traducir expresións dun diálogo; practicar este diálogo (páx. 70 ex. 2, 3) • Redactar un diálogo con termos dados; practicalo nun intercambio por parellas (páx. 70 exs. 4, 5)	
Real English	Expresións coloquiais		
Everyday English	Expresións de uso diario		
C. FONÉTICA			
Pronunciation	Formas débiles /w@z/ , /w@(r)/	• Escoitar e practicar a pronuncia de formas débiles (páx. 69 ex. 6)	• Desexo de coñecer a fonética do inglés

III ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

Spotlight on the world	Os centros de Educación Secundaria en Gran Bretaña	- Responder a un cuestionario; comprobar as respostas na gravación (páx. 72 exs. 1, 2) - Responder a preguntas sobre o centro de cada cal (páx. 72 ex. 3)	Interese por establecer unha comparación cultural sobre cuestións da nosa experiencia máis inmediata
------------------------	--	--	--

Temas transversais

Educación moral e cívica	Observación das convencións doutros países en relación con actividades de formación dos rapaces
Educación para a saúde	Reflexión acerca da importancia de incluír o exercicio físico no currículo escolar

Actividades de avaliación

Avaliación inicial	Avaliación formativa	Avaliación sumativa	Autoavaliación
Apartado <i>What's in this unit?</i>, SB páx. 65	Ficha de avaliación do alumno, TG/GD	Test Unit 7, <i>RB</i> e CD de avaliación	Progress Check 7, Workbook páx. 48

Atención á diversidade

- Comparar modos de vida neses países cos da cultura galega.
- Establecer semellanzas e diferencias.

5.2.- Cualificacións

A tipoloxía das probas será a que sigue:

Exercicios gramaticais, traducción, vocabulario,...: 50%

Redacción: 20% (A extensión da redacción (en número de palabras) será dun mínimo de 80).

"Listening": 10%

"Reading": 20%. (Se a resposta non é completa, daráselle como máximo a metade da puntuación)

Valorarase a actitude do alumno, podendo verse incrementada a súa cualificación numérica final ata 1 punto.

O alumnado terá que ler unha lectura graduada como mínimo e será avaliado dela na segunda avaliación.

Por traballo entendemos as actividades que se realicen na clase os deberes ou tarefas na casa; por actitude, a atención, esforzo por progresar e respecto ó profesorado e ós seus propios compañeiros.

O seguimento deberá proporcionar ó alumnado información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permitirá a súa participación no mesmo por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado estará exposto á lingua que debe aprender, tanto oral coma escrita, por medio de mostras variadas (diálogos, programas de radio, anuncios, narracións, cartas...) e utilizando tódolos materiais (a parte do libro de texto, *workbook* e CDs) que o profesor estime adecuados para cada actividade. Entre estes podíamos citar: discos e CDs, *wall charts*, revistas, xornais, cintas de vídeo, historietas, viñetas, encrucillados, etc.. Familiarizaráselles cos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

O libro de texto oficial para este curso será "SPOTLIGHT4 (de Paúl A Davies & Tim Falla, Oxford) , usarase tamén o *workbook*, os CDs e a cinta de video.

7.- TEMAS TRANSVERSAIS

Todos están presentes e implícitos nos diferentes bloques da relación de contidos previa, abarcando a meirande das veces máis dun, traballándose na aula coas seguintes intencións:

- para espertar no alumnado o sentido crítico creando cidadáns capaces de intervir no medio natural, sociopolítico e cultural
- para o logro dunha formación en igualdade entre os sexos e o rexeito a todo tipo de discriminación
- para contribuír a mellora do entorno humano
- para potenciar estilos de vida saudables
- para educar desde e por uns determinados valores, tais como a xustiza, a cooperación e a solidariedade

para crear un ámbito de reflexión que axude a orientarse de xeito racional e autónomo en situacións de conflitos de valores

I.- Educación Moral e Cívica

Anímase ó alumnado a participar nas actividades da clase, respectando as opinións dos demais, sendo corteses e educados, empregando as formas correctas da lingua e esperando a súa quenda.

Fomentaranse as actitudes de respecto e tolerancia cara a familia, a comunidade e as persoas doutras culturas ou entornos socioculturais.

II.- Educación para a Paz

Anímase ó alumnado a que sexa tolerante e respectuoso cos seus compañeiros e compañeiras na súa relación diaria e no traballo na aula.

Cñecemento dos dereitos civís, as diferentes culturas e crenzas e o dereito a elixir o propio estilo de vida.

III.- Educación para a Saúde e Educación Sexual

Toma de conciencia da importancia dunha dieta san e unha boa hixiene, e de actividades de tempo libre saudables.

Coñecemento das funcións principais das partes do corpo.

Fomento dunha sana relación entre os membros de distinto sexo.

IV.- Educación para a Igualdade de Oportunidades entre Sexos

Procurarase que ambos sexos tomen parte activa en tódalas actividades evitando estereotipos sexuais.

Relacións familiares; igualdade de dereitos e deberes dos homes e das mulleres, o papel da muller como nai e traballadora nas comunidades rurais; as mulleres como protagonistas de certos textos.

V.- Educación Ambiental

Toma de conciencia e preocupación polo entorno próximo e pola protección do medio ambiente.

O planeta (continentes e océanos, a fauna e flora, o clima, o hábitat e as condicións de vida), a vida rural, as estruturas sociais dos pobos e as regras de conducta das actividades lúdicas.

VI.- Educación do Consumidor

Uso productivo do tempo libre, o papel da publicidade e análise e xuízo crítico sobre as técnicas comerciais.

VII.- Educación Vial

Adquisición de coñecementos sobre as infraestructuras dunha poboación, os medios de transporte, a seguridade vial e as normas de tráfico.

Aprender a pedir e dar información sobre direccións

PROGRAMACIÓN DOS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

1.- CONTEXTUALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN

1.1. Profesores que imparten a área ou materia

Imparte a materia nestes grupos a profesora M^a Concepción Quintela Rego.

1.2. Características do/dos Grupo/s

Hai un programa de diversificación curricular de dous anos e un programa de diversificación curricular de un ano; polo tanto hai tres grupos:

PDC 3º..... 13 alumnos

PDC 4º (2 anos) ... 11 alumnos

PDC 4º (1 ano) 6 alumnos

2.- OBXECTIVOS MÍNIMOS

Os obxectivos mínimos son os de 3º e 4º de ESO.

3.- SECUENCIA DE CONTIDOS

Pretendese dar 3 unidades por avaliación, pero isto estará marcado por a marcha e rendemento dos alumnos.

4.- AVALIACIÓN

4.1.- Criterios de avaliación

Serán os criterios de avaliación de 3º e 4º de ESO tendo en conta as características destes grupos.

4.2.- Cualificacións

A cualificación de cada avaliación será unha nota ponderada que resulte de aplica-lo seguinte baremo:

Probas: 70%

Traballo e Actitude: 30%

A tipoloxía das probas será a que sigue:

Exercicios gramaticais, traducción, vocabulario,...: 35%

Redacción: 15%

"Listening": 10%

"Reading": 10%.

Por traballo entendemos as actividades que se realicen na clase os deberes ou tarefas na casa; por actitude, a atención, esforzo por progresar e respecto ó profesorado e ós seus propios compañeiros.

O seguimento deberá proporcionar ó alumnado información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permitirá a súa participación no mesmo por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación.

Nos grupos de PDC valorarase moito o traballo e a actitude.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado estará exposto á lingua que debe aprender, tanto oral coma escrita, por medio de mostras variadas (diálogos, programas de radio, anuncios, narracións, cartas...) e utilizando tódolos materiais (a parte do libro de texto, *workbook* e CDs) que o profesor estime adecuados para cada actividade. Entre estes podíamos citar: discos e cassettes, *wall charts*, revistas, xornais, cintas de vídeo, historietas, viñetas, encrucillados, etc.. Familiarizaráselles cos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

PROGRAMACIÓN DE BACHARALATO

1.- CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

Nesta etapa preténdese a consolidación dos coñecementos adquiridos en etapas anteriores e o desenvolvemento da autonomía comunicativa, é dicir, que o alumno sexa capaz de comunicarse correctamente en inglés, emitindo mensaxes cada vez máis correctos formalmente. A aprendizaxe da materia pretenderá lograr unha sensibilización progresiva á lingua e cultura estranxeira por parte do alumnado, favorecendo a comprensión e o respecto cara a outras formas de pensar, actuar e entende-la realidade. Tamén pretenderá asegurar dúas funcións básicas: a comunicación e a representación. A finalidade fundamental é favorecer-lo uso instrumental da lingua estranxeira, é dicir, que os alumnos sexan capaces de expresarse e comunicarse en situacións diversas e utiliza-lo inglés como vehículo para acceder a informacións sobre outras materias do currículo. Intentarase que os alumnos obteñan unha formación que lles axude a realizar estruturacións mentais e representativas do mundo, entende-la realidade, enriquece-lo seu horizonte cultural e desenvolver actitudes de respecto e tolerancia cara a outras culturas.

A aprendizaxe centrarase en logra-la comunicación en tódalas súas competencias: competencias lingüística, sociolingüística, discursiva, estratéxica e sociocultural e utilizarase todo tipo de material variado para desenvolve-las catro destrezas.

As actividades de comprensión oral e escrita pretenderán conseguirla comprensión da información global e específica de mensaxes máis complexas que as de Secundaria, interpretando algunhas das ideas principais transmitidas por eles, identificando a funcionalidade dun texto, interpretando os significados apoiándose en claves non lingüísticas e desenvolvendo unha actitude crítica cara á información transmitida nas mensaxes. En canto á lectura comprensiva utilizaranse técnicas e estratexias de aprendizaxe autónoma: utilización correcta de dicionarios, uso de gramáticas e outros libros de referencia e o uso de todo tipo de recursos lingüísticos (formación de palabras, sinónimos, *false friends*,...) Promoverase a lectura e o aprecio desta como fonte de información, disfrute e ocio, ademais de forma de acceso a outras culturas e formas de vida distintas, fomentando unha actitude receptiva e respectuosa cara á información incluída nos textos. As producións orais estarán encamiñadas a narrar, describir, informar, transmitir ideas e opinións de maneira clara e ordenada. As actividades de expresión escrita serán máis complexas non solo na extensión e os conceptos expresados senón tamén nos procedementos utilizados. A complexidade das producións será maior en tódolos seus aspectos: organización dos textos, adecuación á situación de comunicación, sintaxe, marcadores do discurso, ampliación do léxico receptivo e productivo, etc. A reflexión sobre o sistema lingüístico non solo facilitará a aprendizaxe senón que será imprescindible para a autocorrección e para o desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe autónoma así como para a valoración da importancia da corrección formal. Estas estratexias estarán encamiñadas a mellora-la produtividade dos procesos mentais que as actividades levan emparellados. Mediante a identificación dos elementos socioculturais e a interpretación e valoración dos mesmos axudarase ó alumno a comprender a cultura estranxeira, promovendo sempre o contraste coa propia e a relativización dos valores que ambas culturas conlevan.

2.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un feito que imos atopar alumnos con distintas habilidades dentro da clase. Este material ten en conta ó alumno que ten certas dificultades para alcanzar as capacidades especificadas nos obxectivos da etapa, e tamén ó que desenvolve con facilidade as

capacidades expresadas nos obxectivos e necesite realizar outras tarefas para non perder interese pola lingua estranxeira. Tamén se ten presente que nesta etapa vanse diferenciando os intereses e necesidades para avanzar no coñecemento e dominio da lingua estranxeira e, por iso, se seleccionan tipos de textos diversos nos seus contidos e formatos, así como tarefas variadas.

- a) **Selección de textos:** os textos están relacionados con situacións da vida diaria e ten un carácter lúdico-informativo. Conteñen frases sinxelas e tocan temas interesantes para os alumnos desta idade: extractos de noticias, reportaxes e artigos de interese xeral e que inclúen puntos de vista dos protagonistas das historias, biografías, cartas informais, fragmentos de narracións, etc.
- b) **Ilustracións:** presentan un nivel adecuado para os alumnos que proceden da ESO e aclaran calquera dúbida que poda surxir en torno ó contido dos textos.
- c) **Tipoloxía das actividades:** que traballan as destrezas lingüísticas:

Comprensión escrita: actividades que perseguen desde a comprensión global hasta o detalle da comprensión selectiva (*multiple choice*, respostas para ordenar, encontra-los temas dun parágrafo, respostas de verdadeiro ou falso, etc.).

Comprensión oral: verdadeiro/falso, preguntas para identificar a personaxes ou recoñecerlo tema dun texto, exercicios para ordenar ilustracións, etc.

Expresión escrita: completar esquemas, corrixir erros, responder a cuestionarios, ordenar e completar frases, redactar todo tipo de textos, etc.

Expresión oral: Pretendese que os alumnos se acostumen a da-la súa opinión desde o principio, cunha actividade introductoria. Con frecuencia inclúese un apartado previo ós textos de *Reading* e da sección *Listening*. As actividades van da pregunta directa ó traballo por parellas ou en grupos reducidos.

3.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Non se realiza ningunha actividade complementaria neste cursos.

4.- PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

A proba de setembro contará con unha parte de preguntas de gramática, e outra parte con un texto e unha redacción. Cada parte está valorada en 10 puntos, na parte de texto e redacción, o texto valerá 7 puntos e a redacción 3 puntos.

A cualificación da proba resultará da media das dúas parte.

5.- PROBA EXTRAORDINARIA PARA OS ALUMNOS DE 2º BACHARELATO CON INGLÉS PENDENTE DE 1º.-

A proba contará con unha parte de preguntas de gramática, e outra parte con un texto e unha redacción. Cada parte está valorada en 10 puntos, na parte de texto e redacción, o texto valerá 7 puntos e a redacción 3 puntos.

PROGRAMACIÓN DE 1º BACHARELATO

1.- CONTEXTUALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN

1.1. Profesores que imparten a área ou materia

Imparten a materia neste curso as profesoras Inés Ramil Rego (1 grupo), Marcela Castro Baamonde (sustituta de Sonsoles Pérez Laorden) (3 grupos) e Concepción Quintela Rego (2ª lingua estranxeira).

1.2. Características do/dos Grupo/s e do centro de traballo

Hai catro grupos neste curso distribuídos da seguinte maneira:

1º BAC A (B1A)	25 alumnos	1ºBAC A-D	6 alumnos
1º BAC B (B1B)	29 alumnos		
1º BAC C (B1C)	22 alumnos		
1º BAC D (B1D)	18 alumnos		

1.3. Planificación temporal da área ou materia

O curso está dividido en tres avaliacións e a materia divídese por avaliacións da seguinte maneira:

- 1ª avaliación: UNIT 1 - UNIT 3
- 2ª avaliación: UNIT 4 - UNIT 6
- 3ª avaliación: UNIT 7 - UNIT 9

2.- OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

1. Comprender e utilizar con fluidez e corrección crecentes a lingua inglesa de forma oral e escrita para comunicarse en situacións diversas de maneira clara, persoal e creativa, mostrando respecto ante as ideas expresadas polos demais.

1.1. Participar en intercambios orais relacionados coa vida habitual dos alumnos ou sobre temas do seu interese: presentarse, dar e pedir información, disculparse, expresar gustos e preferencias, dar consellos, suxerir, invitar, etc..

1.2. Empezar conversacións seguindo un modelo dado.

1.3. Expor traballos previamente preparados sobre temas propostos.

1.4. Redactar textos escritos que atendan a diferentes necesidades de comunicación, como artigos, biografías, entrevistas, enquisas, cartas, etc..

1.5. Ter en conta a estrutura formal de ditos textos e utiliza-los signos de puntuación adecuados.

1.6. Mostrar interese por ser creativo á hora de realizar emisións orais ou escritas.

2. Comprender e interpretar criticamente os textos orais, escritos e visuais dos medios de comunicación.

2.1. Extraer información de textos orais presentes na vida cotián, como diálogos, conversacións, entrevistas, etc., ou de textos orais gravados en casetes.

2.2. Comprender a información contida en textos escritos propios da comunicación interpersonal, como cartas, notas, descrições, cuestionarios, etc..

2.3. Entender a información contida en textos auténticos extraídos dos medios de comunicación: artigos periodísticos, entrevistas, etc..

2.4. Obte-la información requirida de textos orais, escritos e visuais pertencentes a diversas tipoloxías textuais: textos expositivos, humorísticos, técnicos, científicos, descritivos, etc..

2.5. Analiza-los textos estudiados de maneira crítica, dando opinións persoais e xustificándoas.

3. Ler de maneira autónoma textos na lingua estranxeira que presenten distintas estruturas organizativas con fines diversos: información, adquisición de coñecementos en determinadas áreas de interese, esparcemento e ocio.

3.1. ler de maneira autónoma, coa axuda do diccionario sempre que sexa necesario, textos en lingua estranxeira.

3.2. Buscar información cultural, social, histórica, etc.. en textos en lingua estranxeira e, ó mesmo tempo, adquirir coñecementos sobre eses temas.

3.3. Considera-la lectura de textos en lingua estranxeira como unha maneira de ocupar o tempo libre e de ocio.

3.4. Valora-la información obtida gracias á lectura de textos en lingua estranxeira como modo de acceso a outras culturas.

4. Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación, co fin de mellora-las produccions propias e comprende-las alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas.

4.1. Observa-lo funcionamento de varios aspectos gramaticais da lingua estranxeira e sacar conclusións sobre o seu uso.

4.2. Elaborar hipótese sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de exemplos.

4.3. Aplica-los coñecementos adquiridos sobre a lingua estranxeira nas produccions orais e escritas propias.

4.4. Considera-la utilidade de coñece-lo funcionamento da lingua estranxeira para comprende-las mensaxes doutros interlocutores en calquera situación.

5. Coñece-los aspectos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estudiaada para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.

5.1. Recoñecer rasgos socioculturais dos países de fala inglesa en textos orais e escritos estudiados.

5.2. Coñecer aspectos socioculturais pertencentes a outras culturas co fin de mellora-la comunicación con falantes desas culturas.

5.3. Mostrarse receptivo coa información provinte doutros falantes e as súas culturas.

5.4. Considera-la importancia de recoñecer aspectos propios doutras culturas como medio para comprendelas mellor a elas e ás persoas que as integran.

5.5. Comparar aspectos pertencentes a outras culturas cos da cultura propia.

6. Amplía-los coñecementos acerca da lingua estranxeira e utilízalos para aprendizaxes e profundizacións posteriores, tanto na lingua estudiaada, como noutras, e incluso, noutros campos do saber e a cultura.

6.1. Profundar no coñecemento de temas diversos (lingüísticos, culturais, etc..) sobre a lingua estranxeira para mellora-lo propio proceso de aprendizaxe.

6.2. Amplia-los coñecementos adquiridos e aplícalos na adquisición de novos coñecementos sobre outros campos do saber e a cultura.

7. Valorar criticamente outros modos de organiza-la experiencia e estrutura-las relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

7.1. Apreciar hábitos, costumes e tradicións doutras culturas distintas á propia.

7.2. Dar ás convencións e normas culturais de cada cultura a importancia que se merecen, sen que prevalezan as dunha cultura sobre as da outra.

3.- OBXECTIVOS DA ÁREA E MÍNIMOS

DESTREZAS

- Comprensión tanto global como específica de mensaxes orais e escritos con corrección e fluidez, tendo en conta a organización, estruturación e adecuación á súa finalidade.

MORFOSINTASE

- - *State verbs.*
 - *Usos del presente simple y continuo*
 - Adverbios de modo e intensidade
 - *Want + substantivo / pronome / Want to + infinitivo*
 - Usos das formas en *-ing* despois de certos verbos, preposicións
 - *Like/enjoy/hate...+ -ing* ou *to + infinitivo*
 - Diferentes tempos verbais: *past simple, past continuous e past perfect*
 - *Would/used to + infinitivo*
 - *Be/get used to + -ing*
- *Present perfect: for, since, already, just, yet.*
- Futuro (*going to / will*), presente continuo. Futuro continuo e futuro perfecto.
- Condicionais (os tres tipos)
- *Phrasal verbs*
- Estilo indirecto. *Say / Tell*
- Pasiva
- Conectores
- Oracións de relativo explicativas e especificativas
- Expresións de cantidade
- Adverbios de grado
- Infinitivo e xerundio
- Verbos modais: *should, have to, may, might, will, shall (simples e perfectos)*

FUNCIÓNS

- Dar unha opinión, asentir
- Expresión de normas, leis e prohibicións, consellos; probabilidade, especulación
- Referir información transmitida por un terceiro
- Expresión de hábitos, accións acabadas ou continuas en presente, pasado e futuro
- Expresión de similitude e deferencia
- Expresión de plans inmediatos e predicións

- Dar informacións adicionais e imprescindibles sobre persoas, animais ou cousas
- Expresión de verdades universais e de hipóteses
- Descrición de procesos dando máis importancia á acción ca ó axente
- Formular queixas, desexos e lamentacións
- Describir persoas e lugares
- Escribir historias, biografías, cartas informais, textos argumentativos, diálogos

VOCABULARIO

- Relacionado coas rutinas e o entorno habitual
- Fórmulas e expresións para expresar opinión
- Substantivos compostos
 - Relacionado co entorno laboral e o carácter
 - Fórmulas e expresións para expresar hipóteses: *I would...*
- Relacionado con aventuras e deportes
- *Phrasal verbs*
- Fórmulas e expresións para expresar opinión: *I think/ I agree/ I don't agree*
- Preposicións de movemento
- Relacionado co clima, o medio ambiente e os desastres naturais
- Formación de substantivos a partir de verbos
- Relacionado co tema da lección
- Colocacións semánticas: *make/do*
- Expresións idiomáticas
- Formación de adxectivos a partir de substantivos
- Relacionado co tema da lección: viaxes
- Fórmulas e expresións para expresar modo
- *Phrasal verbs* relacionados cas viaxes
- Relacionado co tema da lección: a fama
- Verbos relacionados co diñeiro
- *Cognates*
- *Phrasal verbs* relacionados coa industria da música

4.- SECUENCIA DE CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Unit 1: AWAY FROM HOME

Obxectivos

- Escribir e falar sobre experiencias e situacións relacionadas coa forma de vida da xente en países que non son o propio. Utiliza-las fórmulas e estratexias adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre as primeiras impresións dunha persoa ó visitar un país estranxeiro.
- Entender información esencial nun texto escrito sobre a realidade sociocultural de países diferentes, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.
- Saber utiliza-las formas verbais apropiadas para falar de accións do presente.
- Comprender e valorar outros modos de organiza-la experiencia, p. ex. a rutina dunha persoa nun país que non é o seu propio.

- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación que se dan.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I.- Habilidades comunicativas

READING: Textos relativos a persoas que viven nun país diferente ó seu: Escocia e o Tíbet.

- Predicción e dedución de información a partir de textos escritos referidos á vida cotián de persoas fora do seu país.
- Obtención de información global e específica nestes textos.

SPEAKING

- Predicción e dedución de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratarán os textos.
- Interacción oral con outras persoas, planificando previamente a mensaxe que se desexa transmitir e coidando tanto a coherencia como a corrección formal.
- Formulación de hipóteses sobre as expectativas dunha persoa que vai visitar un país estranxeiro en canto ás costumes diferentes das propias.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto que trata sobre as primeiras impresións dunha persoa que visita outro país.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dunha carta informal.
- Redacción de cartas informais:

Descrición dunha experiencia persoal: vacacións.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando los elementos de enlace axeitados.

II.- Reflexiones sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Describir e falar de costumes, hábitos e intereses.
 - *Usos del presente simple y continuo*
 - Adverbios de modo e intensidade
 - *Want + substantivo / pronome / Want to + infinitivo*
 - Usos das formas en *-ing* despois de certos verbos, preposicións

- *Like/enjoy/hate...+ -ing* ou *to + infinitivo*
- Verbos non utilizados na forma progresiva

B. Léxico-semántico

- Relacionado coas rutinas e o entorno habitual
- Fórmulas e expresións para expresar opinión
- Substantivos compostos

C. Fonética

- Entoación de frases

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Contraste entre aspectos culturais da vida cotián do propio país e outros.
- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Identificación de costumes e distintivos da vida cotián propios doutros países e culturas.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións de comunicación planteadas.

Unit 2: A JOB FOR LIFE?

Obxectivos

- Utiliza-la lingua estranxeira de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección mediante o uso de estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre entrevistas de traballo.
- Entender información esencial dun texto escrito sobre as experiencias pasadas de xoves, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.
- Saber utiliza-las formas verbais apropiadas para falar de experiencias pasadas.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia: distintas experiencias sobre formas de gañarse a vida.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. - Habilidades comunicativas

READING: artigo sobre as experiencias laborais da xente nova.

- Predicción e dedución de información a partir de textos escritos sobre experiencias, intereses e expectativas da mocidade.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Predicción e dedución de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratarán os textos.
- Descricións e narracións baseadas en experiencias persoais.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección (xuventude e traballo), coidando tanto a coherencia como a corrección formal.
- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír unha alocución coherente.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica a partir dun texto no que se entrevista a dúas persoas para un posto de traballo

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dun texto no que se fala de preferencias laborais.
- Redacción dun escrito coas seguintes características:

Descrición das expectativas laborais.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

II.- Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Falar de costumes e hábitos no pasado. Expresa-los cambios que se producen neles e nas cousas que nos rodean.
- Diferentes tempos verbais: *past simple, past continuous e past perfect*
- *Would/used to* + infinitivo
- *Be/get used to* + -ing

B. Léxico-semántico

- Relacionado co entorno laboral e o carácter
- Fórmulas e expresións para expresar hipóteses: *I would...*

III. Aspectos socioculturais

- Identificación de costumes e rasgos da vida cotián propios dos adolescentes.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.
- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Contraste entre aspectos culturais da vida cotián do propio país e outros.
- Relacionado co entorno laboral e o carácter
- Fórmulas e expresións para expresar hipóteses: *I would...*

- Relacionado coas rutinas e o entorno habitual
- Fórmulas e expresións para expresar opinión
- Substantivos compostos
 - Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.

Unit 3: TAKING RISKS

Obxectivos

- Escribir e falar sobre experiencias relacionadas con situacións de risco e deportes perigosos, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre a experiencia dun mozo na práctica dun deporte de risco.
- Entender información esencial nun texto escrito que trata de deportes de risco e formas de vida que se basean no risco, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.
- Saber utilizar as fórmulas lingüísticas adecuadas para describir cambios e experiencias pasadas.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia: formas diferentes de gañarse a vida: traballos que implican risco.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de mellorar as producións propias e comprender as alevias nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. - Habilidades comunicativas

READING: artigos sobre deportes de risco e traballos que se basean no risco.

- Predicción e dedución de información a partir dos textos mencionados.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Predicción e dedución de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratarán os textos.
- Descrición de experiencias persoais sobre situacións de risco.
- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección.

LISTENING

- escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica a partir dun texto no que se fala dun deporte de risco.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dun texto no que se fala de situacións de perigo.

- Redacción dun escrito coas seguintes características:

Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema do texto.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

II.- Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Falar de experiencias pasadas. Expresa-los cambios que se producen do pasado ó presente.

- Diferentes tempos verbais: *past simple, present perfect*

- Adverbios e preposicións que se utilizan con esas formas verbais: *just/already/yet*

- *For/since*

B. Léxico-semántico

- Relacionado con aventuras e deportes

- *Phrasal verbs*

- Fórmulas e expresións para expresar opinión: *I think/ I agree/ I don't agree*

- Preposicións de movemento

C. Fonética

- Acentuación de palabras

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.

- Identificación de costumes e rasgos da vida cotián propios das persoas que se gañan a vida con profesións de risco.

- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Unit 4: NATURAL DISASTERS

Obxectivos

- Escribir e falar sobre experiencias relacionadas con desastres naturais, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.

- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un boletín de noticias acerca dun desastre natural.

- Entender información esencial nun texto escrito que trata de desastres naturais e cómo loitar contra eles, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.

- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para describir e prognosticar accións futuras.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia: formas de prevenir e combate-las consecuencias dos desastres naturais.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de mellora-las produccions propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio d lingua estranxeira no futuro.
- Valora- la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: artigos sobre desastres naturais.

- Obtención de información específica a partir de textos que tratan de desastres naturais e de cómo loitar contra eles.
- deducción do significado de varias palabras a través do contexto.

SPEAKING

- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección.
- Ordenación lóxica de frases co fin de crear un texto oral cun discurso coherente.
- Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica a partir dun texto oral periodístico que trata dun furacán.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dun texto no que se fala de cuestións de medio ambiente.
- Escritura dunha redacción de opinión coas seguintes características:

Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema do texto.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados para expresar causa e consecuencia.

Formulación de hipóteses sobre as expectativas, intereses o actitudes comunicativas que podan te-los receptores dos textos.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Diferenciar entre datos e opinións.
- Expresar planes e disposicións con distintas referencias temporais. Concertar citas. Predicir acontecementos e facer prognósticos.

- Presente continuo / *Will / be going to*

- Futuro continuo

- Futuro perfecto

B. Léxico-semántico

- Relacionado con aventuras e deportes

- *Phrasal verbs*

- Fórmulas e expresións para expresar opinión: *I think/ I agree/ I don't agree*

- Preposicións de movemento

III. Aspectos socioculturais

- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.

- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.

- Identificación de modos de actuar ante situacións límites.

- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.

Unit 5: FEARS AND PHOBIAS

Obxectivos

- Escribir e falar sobre experiencias relacionadas con fobias, supersticións e situacións que producen medo, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.

- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre unha experiencia estraña.

- Entender información esencial nun texto escrito que trata dos temas mencionados. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.

- Saber utilizar fórmulas lingüísticas adecuadas para describir cambios nas situacións.

- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia: o que sinte a xente ante diferentes situacións.

- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.

- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.

- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: artigos sobre medos e supersticións.

- Obtención de información xeneral a partir de textos que tratan de fobias e elementos de superstición.

- deducción do significado de palabras a través do contexto.

- Ordenación lóxica de frases e parágrafos nun texto.

SPEAKING

- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección.
- Expresión de razóns, causas e opinións.
- Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información específica a partir dun texto que trata dunha experiencia inquietante.

WRITING

- Escritura dunha redacción argumentativa e de opinión coas seguintes características:

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados para expresar causa e consecuencia.

Formulación de hipóteses sobre as expectativas, intereses ou actitudes comunicativas que podan te-los receptores dos textos.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Expresa-los cambios que se producen nos hábitos e nas cousas que nos rodean.
- Diferenciar entre datos e opinións.
- Diversos tempos verbais (voz activa e pasiva)

B. Léxico-semántico

- Relacionado con aventuras e deportes
- *Phrasal verbs*
- Fórmulas e expresións para expresar opinión: *I think/ I agree/ I don't agree*
- Preposicións de movemento

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Coñecemento dalgúns feitos e datos obxectivos sobre o que son as fobias e algúns elementos de superstición.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións de comunicación planteadas.

Unit 6: INVENTIONS

Obxectivos

- Escribir e falar sobre experiencias relacionadas coa utilidade dos inventos e cómo afectan estes a nosa vida, utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeneral: a utilidade dos inventos na nosa vida.

- Entender información esencial de textos escritos que tratan de inventos e inventores, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir-lo significado de léxico descoñecido a través do contexto.
- Saber utilizar fórmulas lingüísticas adecuadas para formular hipóteses.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloras producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos sobre inventos presentes e pasados.

- Obtención de información global e específica a partir de textos que tratan de avances científicos e tecnolóxicos.
- deducción de información non explícita a partir de elementos de cohesión e referencia no texto.

SPEAKING

- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección, expresando opinións e razoando as causas.
- Ordenación lóxica de frases co fin de dar unidade e coherencia ó discurso.
- Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema.

LISTENING

- Obtención de información global e específica a partir dun texto oral no que se comenta a utilidade de varios inventos.
- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dun texto no que se fala dun hipotético invento.
- Escritura dunha redacción sobre un feito hipotético, coas seguintes características:

Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema del texto.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando a autocorrección como medio de aprendizaxe.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Expresar posibilidades reais e formular hipóteses.
- Oracións condicionais tipo I, II e III

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección
- Colocacións semánticas: *make/do*
- Expresións idiomáticas
- Formación de adxectivos a partir de substantivos

III. Aspectos socioculturais

- Adecuación dos mensaxes ás características do interlocutor.
- Recoñecemento da presenza e importancia da lingua estranxeira nas novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.
- Coñecemento de algúns datos sobre inventos importantes.
- Valoración positiva do uso da lingua estranxeira como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre pobos.
- Identificación de modos de actuación ante situacións límites.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Unit 7: FIRST IMPRESSIONS

Obxectivos

- Utiliza-la lingua estranxeira de forma oral e escrita para dar opinións e razoalas, e para describir ás persoas.
- Comprender e interpretar de forma crítica os textos incluídos na lección.
- Extraer información global e específica en mensaxes orais sobre un tema xeneral: a importancia da imaxe no noso mundo.
- Entender información esencial en textos escritos que tratan de certos tipos de indumentaria e imaxe, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para describi-lo aspecto das persoas e a súa indumentaria.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación reflexadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia e estrutura-las relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos sobre indumentaria e actividades de ocio.

- Obtención de información global e específica a partir de textos que tratan de modos de vida e modos dos adolescentes.
- Predicción e deducción de información en ditos textos.
- deducción do significado de diversas palabras a través do contexto.

SPEAKING

- Interacción oral con outras persoas sobre os temas propostos na lección, dando opinións e razoándoas.
- Ordenación lóxica de frases co fin de dar unidade e coherencia ó discurso.
- Descrición de preferencias (relacionadas co tema da lección) baseándose na propia experiencia.

LISTENING

- Obtención de información global e específica nun texto oral no que se fai unha enquisa a unha persoa sobre coidados na súa imaxe.
- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dun texto no que se fala da imaxe dos xoves.
- Escritura da descrición dunha persoa, coas seguintes características:

Descrición de experiencias persoais relacionadas co tema do texto.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando a autocorrección como medio de aprendizaxe.

Uso de estratexias para aumenta-la calidade do escrito: adverbios e adxectivos.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Describi-la aparencia física, o estado de saúde, o carácter, os gustos e intereses. Expresar preferencias.
- Uso e formación de oracións de relativo

B. Léxico-semántico

- Relacionado con descricións físicas
- *Phrasal verbs* con *take*

C. Fonética

- Letras que non se pronuncian (*silent letters*)

III. Aspectos socioculturais

- Identificación e contraste entre diferentes formas de actuar e vestir dos adolescentes.
- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.
- Interese por coñecer aspectos da cultura xuvenil nos países de fala inglesa.

Unit 8: TRAVELLERS' TALES

Obxectivos

- Utiliza-la lingua estranxeira de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección mediante estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeneral: viaxes.
 - Entender información esencial nun texto escrito sobre a experiencia dun accidente de tráfico e dun diario de viaxe, anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.
- Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación, co fin de mellora-las producións propias e comprende-las alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñece-la importancia que ten para unha mellor comprensión da lingua e cultura propias.
- Saber relata-lo que outra persoa conta, pregunta, di, ordena o suxire.
- Saber escribir unha redacción sobre unha viaxe desastrosa planificando correctamente a organización das ideas, utilizando as fórmulas lingüísticas apropiadas e tendo en conta a importancia da revisión do escrito como forma de melloralo.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: diario de viaxe e artigo sobre un accidente de tráfico.

- Predicción e dedución de información a partir dos textos escritos da lección.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Predicción e dedución de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratarán os textos.
- Interacción oral con outras persoas, planificando previamente a mensaxe que se desexa transmitir e coidando tanto a coherencia como a corrección formal.
- Descricións e narracións baseadas na propia experiencia.
- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de realizar unha alocución coherente.
- Formulación de hipóteses sobre as expectativas o intereses que podan te-los receptores da mensaxe.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto no que varias persoas falan de medios de transporte.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dunha redacción na que se relata unha experiencia de viaxe.
- Redacción dun escrito coas seguintes características:

Descrición dunha experiencia persoal: viaxes e vacacións.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Falar de costumes.
- Adverbios de modo
- Relata-lo que outra persoa dixo, preguntou, ordenou ou suxeriu.
- Estilo indirecto
- Oracións declarativas
- Ordenes
- Suxestións
- Expresións de tempo en estilo indirecto

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: viaxes
- Fórmulas e expresións para expresar modo
- *Phrasal verbs* relacionados cas viaxes

C. Fonética

- Letras que non se pronuncian (*silent letters*)

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva do uso do inglés como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Identificación de costumes e rasgos da vida cotián propios doutros países e culturas.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.
- Interese por coñecer información cultural relativa a Australia.

Unit 9: FAME

Obxectivos

- Utiliza-la lingua estranxeira de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección mediante o uso de estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre un tema xeneral: a fama.
- Entender información esencial de textos sobre a fama anticipando e deducindo datos a partir do contexto. Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto.

- Reflexionar sobre o funcionamento do inglés na comunicación, co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñece-la importancia que ten para unha mellor comprensión da lingua e cultura propias.
- Saber expresar habilidade, obrigación, consello, prohibición, posibilidade e certeza tanto en presente como en pasado.
- Saber escribir unha redacción a favor ou en contra dun tema planificando correctamente a organización das ideas, decidindo o que é irrelevante, utilizando as fórmulas lingüísticas apropiadas e tendo en conta a importancia da revisión da estrutura e o contido do escrito como forma de melloralo.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: artigos sobre a fama.

- Predicción e deducción de información a partir dos textos escritos da lección.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Predicción e deducción de información a partir de preguntas relacionadas co tema do que tratarán os textos.
- Interacción oral con outras persoas, planificando previamente a mensaxe que se desexa transmitir e coidando tanto a coherencia como a corrección formal.
- Emisión de opinións en resposta a preguntas sobre o tema da lección.
- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de realizar unha alocución coherente.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto no que varias persoas fan dun concurso de televisión.

WRITING

- Formulación de hipóteses sobre as expectativas do lector dunha redacción na que se van dar argumentos a favor e/ou en contra dun tema proposto.
- Redacción dun escrito coas seguintes características:

Redacción sobre os pros e os contras de gañar-la lotería.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura tanto gramaticais como de contido.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- Expresar obrigación, prohibición, consello, necesidade e capacidade.
- Verbos modais e semimodais: *can, be able to, could, have to, must, ought to, should, need*.
- Expresar posibilidade en presente o en pasado, facer deducións sobre o presente ou o pasado.
- Verbos modais: *may, might, can't, mustn't, could* + infinitivo simple o perfecto.

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: a fama
- Verbos relacionados co diñeiro
- *Cognates*
- *Phrasal verbs* relacionados coa industria da música

C. Fonética

- Pronunciación do fonema /o: /

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva do uso do inglés como medio para eliminar barreiras de entendemento e comunicación entre os pobos.
- Adecuación das mensaxes ás características do interlocutor.
- Identificación de costumes e rasgos da vida cotián propios doutros países e culturas.
- Uso de fórmulas lingüísticas adecuadas ás situacións comunicativas planteadas.
- Interese por obter máis información sobre o tema tratado: adquisición da fama, estilo de vida dos famosos, etc.

5.- AVALIACIÓN

5.1.- Criterios xerais de avaliación

Os instrumentos de avaliación vainos a axudar a obter información sobre o avance dos alumnos no proceso de aprendizaxe e sobre a planificación e decisións tomadas durante o mesmo. Para a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe aconsellase utiliza-la observación directa na aula, cuestionarios, análise de tarefas, diarios, cadernos de traballo, etc. A avaliación do alumno faise mediante a recompilación nas fichas *Continuous assessment form* e *Class record form-tests* de datos recollidos mediante a observación de tarefas na aula, o análise dos traballos e textos producidos, os resultados obtidos nas probas de práctica, etc. Por outra parte, animase ó alumno a avalía-lo seu propio traballo completando a *Student self-evaluation form*.

Os criterios xerais de avaliación están formulados en referencia a tres grandes bloques:

I. Habilidades comunicativas

1. Extraer información global e específica nas mensaxes orais emitidas polos compañeiros, o profesor ou os medios de comunicación; recoñece-las estratexias comunicativas utilizadas polos interlocutores e en textos escritos auténticos que versen sobre temas de interese xeneral; utilizar destrezas e estratexias relacionadas con distintos tipos e finalidades de lectura.

2. Participar en conversacións ou debates preparados de antemán; utiliza-las estratexias adecuadas para garanti-la comunicación co interlocutor; producir mensaxes coherentes e coa corrección formal necesaria para facer posible dita comunicación.
3. Entende-la información esencial en textos diversos sobre temas de actualidade, a realidade sociocultural dos países onde se fala a lingua estranxeira ou que teñan interese informativo, anticipando e deducindo datos a partir do contexto.
4. Redactar textos diversos coa corrección sintáctica necesaria para a súa comprensión; utiliza-los distintos elementos que aseguren a cohesión e a coherencia do texto.

II. Reflexións sobre a lingua

1. Reflexionar acerca do funcionamento da lingua mediante a inducción ou dedución das regras correspondentes; e utilizar elementos lingüísticos de referencia (gramaticais, léxicos, ortográficos, fonéticos e textuais) que faciliten a sistematización da aprendizaxe.
2. Transferi-lo coñecemento das regras de funcionamento da lingua estranxeira a situacións novas.
3. Utilizar de forma autónoma recursos, fontes de información e materiais de referencia para contrastar conclusións, sistematizar e consolidar coñecementos.
4. Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe de forma que se produzan reformulacións de regras, se expresen definicións sobre o aprendido e se avance nas novas aprendizaxes.

III. Aspectos socioculturais

1. Interpretar rasgos que definen a cultura ou culturas dos países onde se fala a lingua estranxeira; mostrar coñecemento de datos de tipo xeográfico, histórico, artístico, literario, etc.; incorporar dito coñecemento na comunicación en situacións contextualizadas.
2. Mostrar acercamento á diversidade social e cultural que se transmite cando se comunica en lingua estranxeira; buscar similitudes e diferencias.
3. Desenvolve-lo interese por valorar positivamente o uso da lingua estranxeira como medio de comunicación internacional e para o entendemento dos pobos; considera-la súa presenza no uso de novas tecnoloxías.
4. Profundar no coñecemento da cultura propia a partir da información sociocultural que transmite a lingua estranxeira.

5.2.- Criterios de cualificación e promoción

As probas serán de dous tipos:

Proba A: exercicios gramaticais, traducción, vocabulario...

Proba B: sobre textos escritos, na que o alumno ten que demostra-lo seu poder de comprensión xeral e/ou puntual, interpretación, inferencia, opinión, expresión, etc..

Nesta proba as respostas literais (mesmas palabras e estruturas do texto dado) só terán como máximo a metade da puntuación e a pregunta de *Composition* valerá 3 puntos sobre 10. Descontara 0.25 por error gramatical grave (faltas de concordancia, ausencia de suxeitos, pasado de verbos irregulares básicos, indebido orden das palabras, fallos na formación de interrogativas e/ou negativas, secuencia temporal errónea,...); se o fallo se

repíte descontarase 0.50 nunha mesma pregunta. Dous erros de "*spelling*" en palabras de uso frecuente descontarán 0.1, pero só se descontará unha vez por palabra dentro de cada pregunta. (A extensión da *Composition* (en número de palabras) será dun mínimo de 80 palabras).

Valorarase a actitude do alumno, podendo verse incrementada a súa cualificación numérica final ata 1 punto.

Cada tipo de proba terá unha valoración dun 50%.

O libro de lectura será avaliado dentro da proba B.

Por traballo enténdemos as actividades que se realicen na clase e os deberes ou tarefas; por actitude, a atención, esforzo, interese por progresar e respecto ó profesorado e ós seus propios compañeiros.

Criterios de recuperación

Dado que nesta sinatura a avaliación é continua non hai ningunha actividade específica para a recuperación pero na clase traballase con aqueles alumnos que non superan a avaliación repasando aqueles contidos que non foran asimilados, polo que aqueles alumnos que vaian superando as avaliacións seguintes a suspena considerase que teñen recuperada a materia.

Os contidos das probas de setembro serán os mesmos en canto a funcións, estruturas, etc.. que os da programación realmente impartida. Non se establece unha diferenza marcada xa que nun idioma tódolos conceptos son fundamentais para entendelo e facerse entender.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto oficial para este curso será "BONUS 1º BACHARELATO (de David Bolton e Jayne Wildman, Oxford) , usarase tamén material complementario para reforza-los contidos así como textos que foron utilizados na selectividade e o CD para traballar "*listening*".

7.- TEMAS TRANSVERSAIS

A educación en valores, tan importante para a formación dos xoves de Bacharelato, impregna o material do curso. Trátase a Educación moral e cívica, Educación para a paz, Educación para a saúde, Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo, Educación ambiental, Educación do consumidor e Educación vial. Dito tratamento ten, en ocasións, un reflexo explícito no contido do material escrito e gravado que se utiliza; outras veces, sen embargo, se reflicte na presentación de cuestións dos ámbitos citados como tema de debate entre os alumnos.

Educación moral e cívica

- Adaptación á forma de vida e as costumes doutros países.
- Importancia do esforzo persoal para descubrir o mundo real e o mercado laboral durante as vacacións.
- Constatación das limitacións humanas a través dos seus medos e fobias.

- Valoración da capacidade das persoas para contribuír a mellora-lo mundo no que vivimos a través de inventos que facilitan a vida da sociedade en xeral e de cada un de nos en particular.
- Análise crítico dos prexuízos ante o aspecto da xente.
- Reflexión e debate en torno á cuestión do delito e a infracción de normas sociais, así como dos correspondentes castigos e penalizacións.

Educación do consumidor

- Experiencia de vida en condicións totalmente opostas ás do mundo do que procedemos, no que impera o consumismo.
- Acercamento ó mundo dos famosos para realizar unha reflexión do que significa en termos, entre outros, de consumismo e exclusividade.
- Conciencia dos numerosos obxectos dos que nos rodeamos na nosa vida diaria; reflexión crítica acerca do noso grado de dependencia respecto a eles.

Educación para a saúde; educación sexual

- Efecto beneficioso de certas experiencias extremas, e conciencia do risco que implican.
- Observación de aspectos que conforman as relacións sentimentais entre xoves (ligues, celos, atractivo físico).
- Observación dos gustos e costume de diversos países en materia deportiva; aspecto competitivo do deporte.
- Importancia de que os xoves desta idade teñan claras as súas prioridades para así poder converterse en adultos equilibrados.

Educación ambiental

- Coñecemento dos desastres naturais que se producen no noso planeta; conciencia da responsabilidade das persoas como desencadenantes dalgúns deles.

Educación para a non discriminación

- Observación dos logros de homes e mulleres nos campos dos inventos.
- Reflexión crítica en torno á labor de homes e mulleres como pais de familia; comparación da realidade ilustrada coa propia.

Educación para a paz

- Respetto polas diferencias entre as persoas; aceptación das mesmas para contribuír ó entendemento entre os pobos.
- Conciencia do enriquecemento que supón o viaxar a outros lugares do mundo para acercarnos a realidades distintas ás propias con un talante respectuoso.
- Reflexión acerca dos enormes avances tecnolóxicos que nos aportou o século XX, entre eles, o da realidade virtual.
- Prospección do que nos pode trae-la vida no futuro (sociedade informatizada, homoxeneización das linguas).
- Reflexión acerca da influencia e o dominio da cultura americana sobre o resto do mundo.

Educación vial

- Exposición a métodos de transporte e sistemas de sinalización distintos ós do propio entorno para ampliar coñecemento en torno á cuestión.

PROGRAMACIÓN DE 2º BACHARELATO

1.- CONTEXTUALIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN

1.1. Profesores que imparten a área ou materia

Imparte a materia neste curso as profesoras Ana Rodríguez López (1 grupo), M^a Concepción Quintela Rego (1 grupo) e Teresa Sanmartín Martínez (1 grupo)

1.2. Características do/dos Grupo/s e do centro de traballo

Hai tres grupos neste curso distribuídos da seguinte maneira:

2º BAC A (B2A) 22 alumnos

2º BAC B (B2B) 23 alumnos

2º BAC C (B2C) 23 alumnos

1.3. Planificación temporal da área ou materia

O curso está dividido en tres avaliacións e a materia divídese por avaliacións da seguinte maneira:

1ª avaliación: UNIT 1 - UNIT 3

2ª avaliación: UNIT 4 - UNIT 6

3ª avaliación: UNIT 7 - UNIT 9

2.- OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

1. Utiliza-la lingua estranxeira de forma oral e escrita con fluidez e corrección crecentes para comunicarse en situacións diversas de maneira clara, persoal e creativa.

1.1. Participar en intercambios orais relacionados coa vida habitual dos alumnos ou sobre temas do seu interese: expresar opinións e crenzas, mostrar sorpresa e incredulidade, supoñer, expresar condicións, etc..

1.2. Entaboar conversacións espontáneas.

1.3. Expoñer traballos previamente preparados sobre temas dados ou sobre temas propostos polos propios alumnos.

1.4. Redactar textos escritos que atendan a diferentes necesidades de comunicación, como resumos, ensaios, artigos, cartas, etc..

1.5. Ter en conta a estrutura formal de ditos textos e utiliza-los signos de puntuación adecuados.

1.6. Mostrar interese por ser creativo á hora de realizar emisións orais ou escritas.

2. Comprender e interpretar criticamente os textos orais, escritos e visuais dos medios de comunicación.

2.1. Extraer información de textos orais presentes na vida cotián, como diálogos, conversacións, entrevistas, etc., ou de textos orais gravados en casetes.

2.2. Comprende-la información contida en textos escritos propios da comunicación interpersonal, como cartas, notas, descrições, cuestionarios, etc..

2.3. Extraer información de textos auténticos dos medios de comunicación: artigos periodísticos, entrevistas, etc..

2.4. Obte-la información requirida de textos orais, escritos e visuais pertencentes a diversas tipoloxías textuais: textos expositivos, técnicos, científicos, descritivos, etc..

2.5. Dar unha opinión crítica sobre os textos estudados e xustificala.

3. Ler de maneira autónoma textos na lingua estranxeira que presenten distintas estruturas organizativas con fines diversos: información, adquisición de coñecementos en determinadas áreas de interese, esparcemento e ocio.

3.1. Ler de maneira autónoma, coa axuda do diccionario sempre que sexa necesario, textos en lingua estranxeira, xa sexan versións íntegras ou adaptadas dos clásicos.

3.2. Buscar información diversa nos textos lidos.

3.3. Interesarse por ler textos en lingua estranxeira co fin de adquirir coñecementos sobre temas moi diversos.

3.4. Plantearse a lectura de textos en lingua estranxeira como unha maneira de ocupa-lo tempo libre e de ocio.

3.5. Recoñece-lo valor que ten a información contida nos textos en lingua estranxeira como modo de acceso a outras culturas e como ponte para relacionarse con outras persoas.

4. Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira na comunicación, co fin de mellora-las producións propias e comprende-las alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas.

4.1. Observa-lo funcionamento de varios aspectos gramaticais da lingua estranxeira e sacar conclusións sobre o seu uso.

4.2. Elaborar hipótese sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de exemplos.

4.3. Interesarse por resolver de maneira autónoma dúbidas que se poden presentar no proceso de aprendizaxe mediante a consulta de gramáticas ou outros libros.

4.4. Emitir mensaxes orais e escritos cada vez máis correctos gracias á aplicación dos coñecementos adquiridos sobre a lingua estranxeira.

4.5. Considera-la utilidade de coñece-lo funcionamento da lingua estranxeira para comprende-las mensaxes doutros interlocutores en calquera situación.

5. Coñece-los aspectos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estudada para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.

5.1. Recoñecer elementos socioculturais dos países de fala inglesa en textos orais, escritos e visuais.

5.2. Mostrar interese por coñecer aspectos socioculturais pertencentes a outras culturas co fin de mellora-la comunicación con falantes desas culturas.

5.3. Mostrarse receptivo coa información provinte doutros falantes e as súas culturas.

5.4. Considera-la importancia de recoñecer aspectos propios doutros culturas como medio para comprendelas mellor a elas e ás persoas que as integran.

5.5. Reflexionar sobre a cultura propia a partir da súa comparación con outras culturas.

6. Amplía-los coñecementos acerca da lingua estranxeira e utilízalos para aprendizaxes e profundizacións posteriores, tanto na lingua estudada, como noutras, e incluso, noutros campos do saber e a cultura.

6.1. Progresar no proceso de aprendizaxe mediante a ampliación de coñecementos en diversos campos do saber e a cultura.

6.2. Utiliza-los coñecementos adquiridos para amplía-los coñecementos que xa se teñen sobre a lingua estranxeira.

6.3. Emprega-los coñecementos adquiridos na aprendizaxe doutras linguas.

7. Valorar criticamente outros modos de organiza-la experiencia e estrutura-las relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

7.1. Aceptar que existen costumes e tradicións doutras culturas distintas á propia.

7.2. Valorar de maneira crítica os modos de vida distintos ós propios.

7.3. Aprecia-las convencións e costumes de cada cultura na súa xusta medida sen que prevalezan as dunha cultura sobre as da outra.

3.- OBXECTIVOS DA ÁREA E MÍNIMOS

DESTREZAS

Comprensión tanto global como específica de mensaxes orais e escritos con corrección e fluidez, tendo en conta a organización, estruturación e adecuación á súa finalidade.

MORFOSINTASE

- Presente simple e continuo. *State verbs*.
- Pasado simple e continuo
- *Present Perfect Simple e Continuous*
- xerundio e o infinitivo
- Adxectivos en -ed e -ing
- *Get* seguido de participio e adxectivo
- Prefixos e formación de nomes compostos
- Futuro (simple, continuo e perfecto)
- Oracións temporais
- artigo
- *Phrasal and prepositional verbs*
- Conectores
- *Should (have)*
- Oracións condicionais
- estilo indirecto
- Prefixos negativos
- Sufixos
- Pasiva
- Oracións de relativo (especificativas e explicativas)
- *I wish / If only*
- Verbos modais
- *Whoever, whatever*
- subxuntivo
- Construcións co verbo *get*
- *Causativo get / have*
- *Used to / be used to / get used to*

FUNCIÓNS

- Expresión de hábitos presentes, verdades universais, acontecementos dun horario, plans futuros, cambio progresivo, accións momentáneas e temporais

- Expresión de hábitos e situacións pasadas, de accións acabadas e en progreso no pasado, descrições de situacións pasadas, de accións pasadas anteriores a outras tamén pasadas
- Expresión de experiencias da vida, de resultados presentes de accións pasadas, de accións que empezaron no pasado e continúan no presente, énfase de que a acción aínda non está acabada
- Expresión de simple futuridade, plans xa feitos e decididos con antelación, prediccións feitas a partir de datos concretos, de progresión dunha acción no futuro, de acción acabada antes dun tempo concreto do futuro
- Expresión de todo tipo de hipóteses
- Dar informacións adicionais e imprescindibles sobre persoas, animais ou cousas
- Referir todo tipo de información transmitida por un terceiro
- Descrición de procesos dando máis importancia á acción ca ó axente
- Expresión de desexo de que algo cambie, lamentacións
- Referi-lo facer que alguén realice unha tarefa ou traballo por nos
- Expresión de hábitos, actividades regulares ou situacións do pasado, do proceso de acostumar-se a algo, e de algo que agora é familiar ou normal e antes non o era
- Expresión de habilidade, posibilidade, imposibilidade, permiso, peticións, suxestión, consello, predicción, ofrecemento de axuda, hábitos pasados, obrigaón moral, externa e interna, prohibición, necesidade, certeza, dúbida. Todas elas referidas ó presente, pasado e futuro.
- Elaboración de diálogos, reseñas críticas, cartas formais e informais, textos expositivos e argumentativos, descrición de persoas, lugares e cousas

VOCABULARIO

- Relacionado co tema da lección: relacións
- Relacionado co tema da lección: a realidade virtual
- Relacionado co tema da lección: o futuro, a ecoloxía
- Sinónimos
- Relacionado co tema da lección: adxectivos de significado extremo, *phrasal verbs* relacionados cos deportes
- Relacionado co tema da lección: a aventura
- Prefixos de significado negativo
- *Phrasal verbs* relacionados co tema da aventura
 - Relacionado co tema da lección: delitos e castigos
- Verbos que se confunden habitualmente pola súa similitude semántica
 - Relacionado co tema da lección: viaxes e lugares; adxectivos para describir lugares
- Relacionado co tema da lección: a vida familiar
- *Phrasal verbs*
- Relacionado con distintos temas do libro: tecnoloxía, delitos, etc.
- Derivación de nomes a partir de verbos e viceversa
- *False friends*
- Adxectivos descritivos
- *Phrasal verbs*

4.- SECUENCIA DE CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Unit 1: THE DATING GAME

Obxectivos

- Escribir e falar sobre relacións persoais utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre relacións persoais.
- Entender información esencial de textos escritos que tratan de ligues (*dating*) e a experiencia dun amor de verán. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e deducción que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para escribir con fluidez e coherencia una descrición persoal.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia: relacións persoais (comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais).
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Coñece-los aspectos socioculturais propios do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: artigo sobre un invento para detectar cando a outra persoa está disposta a entaboar unha conversación con outra; historia dun amor de verán.

- Lectura autónoma dos textos da lección co fin de obter información global e específica.
- Predicción e deducción de información a partir dos textos escritos.
- Obtención de información global e específica destes textos.
- Comparación entre un artigo periodístico e a narración dunha experiencia amorosa.

SPEAKING

- Participación e contribución a discusións relacionadas co tema da lección: relacións amorosas.
- Interacción oral con outras persoas, planificando previamente a mensaxe que se desexa transmitir e coidando tanto a coherencia como a corrección formal.
- Descricións e narracións baseadas na propia experiencia.
- Expresión de argumentación e contra-argumentación oral sobre os temas propostos.

LISTENING

- escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto no que varias persoas falan de relacións interpersoais.

WRITING

- Redacción dun escrito coas seguintes características:
- Descrición dunha persoa coñecida para o alumno.
- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.
- Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

Expresións con:

So + adjective + that

Such + (a/an) + adjective + noun

Too + adjective

Adjective + enough

Revisión da formación e o uso dos tempos verbais.

Describir detalladamente o aspecto físico e o carácter dunha persoa real o imaxinaria.

Participio de presente

Participio de pasado

Expresar sentimentos e falar do desenvolvemento das relacións persoais.

Phrasal verbs: relacións persoais

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: relacións

C. Fonética

- Acentuación de palabras

III. Aspectos socioculturais

- Valoración positiva da existencia de patróns culturais distintos ós propios.
- Recoñecemento de diferencias culturais e comportamentos sociais entre grupos de falantes da mesma comunidade lingüística.
- Uso dos rexistros adecuados segundo o interlocutor, o contexto de comunicación e a intención dos interlocutores.
- Reflexión sobre os distintos modos de organizar as experiencias co fin de desenvolver actitudes de comprensión cara outras convencións culturais.

Unit 2: VIRTUAL WORLD

Obxectivos

- Escribir e falar sobre realidade virtual e xogos de ordenador utilizando as estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre persoas que se consideran "cyberatletas", persoas que dedican tempo tódolos días a xogar con xogos de ordenador.
- Entender información esencial nun texto escrito que trata sobre a crecente fama dun heroe cibernético e a utilización da realidade virtual no cine. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e dedución que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos (entre eles, a derivación).
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para falar, describir o escribir sobre experiencias pasadas o que aínda teñen continuación no presente.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloras producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-lo inglés como medio para acceder ó coñecemento de novidades tecnolóxicas no campo da informática e a súa aplicación en diferentes campos.
- Coñece-los aspectos socioculturais propios do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.
- Comprender e valorar de forma crítica outros modos de organiza-la experiencia: os novos heroes cibernéticos, comprendendo o valor relativo das convencións.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos relacionados con aplicacións da realidade virtual.

- Predicción e dedución de información a partir dos textos escritos.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Participación en e contribución a discusións relacionadas co tema.
- Interacción oral con outras persoas, expresando argumentos sobre os temas propostos.
- Formulación de hipóteses sobre os temas propostos partindo da propia experiencia.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica nun texto que trata dun adicto ós xogos de ordenador.

WRITING

- Elaboración dunha redacción na que se dan argumentos a favor e en contra dos xogos de ordenador coas seguintes características:

Análise dos diferentes elementos formais necesarios neste tipo de escritos.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando

os elementos de enlace adecuados.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

Mostrar acordo e desacordo.

Nexos: *although, even if, in spite of, despite, however, in contrast...*

Derivación: sufixos para formar adxectivos e substantivos.

O pasado:

Tempos verbais que se poden referir a unha acción o situación pasada: pasado simple, presente perfecto simple e continuo, pasado perfecto.

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: a realidade virtual

C. Fonética

- Acentuación de palabras

III. Aspectos socioculturais

- Coñecemento dos aspectos socioculturais que se tratan no tema da lección.
- Reflexión sobre similitudes e diferencias entre a nosa sociedade e outras en canto á implantación e importancia das novas tecnoloxías.
- Valoración do inglés como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional no mundo da tecnoloxía.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto de comunicación , o interlocutor e a intención dos interlocutores.

Unit 3: THINGS TO COME

Obxectivos

- Escribir, falar e formular hipóteses sobre o futuro facendo uso das estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre unha persoa que acude a unha pitonisa.
- Entender información esencial dun texto escrito que trata sobre dúas persoas que viaxan ó futuro e sobre as aplicacións das innovacións tecnolóxicas á vida cotián do futuro. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e deducción que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para formular hipóteses tanto orais como escritas sobre a vida no futuro.

- Escribir unha *short story*.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloras producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-lo inglés como medio para comunicarse.
- Coñece-los aspectos socioculturais propios do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e una mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos relacionados co futuro: viaxe ó futuro e aplicacións tecnolóxicas na vida cotián.

- Predicción e dedución de información a partir dos textos escritos.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Participación en e contribución a discusións relacionadas co tema.
- Interacción oral con outras persoas, expresando opinións sobre os temas propostos.
- Formulación de hipóteses sobre os temas propostos partindo das opinións persoais.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto no que dúas persoas visitan a unha pitonisa.

WRITING

- Elaboración dunha *short story* coas seguintes características:

Análise dos diferentes elementos formais necesarios neste tipo de escritos.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

Inclusión de detalles que capten a atención do lector.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

Formular hipóteses e especular.

Futuro continuo e futuro perfecto

Analizar cambios na sociedade:

Verbos seguidos de infinitivo ou formas en *-ing*

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: o futuro, a ecoloxía
- Sinónimos

C. Fonética

- Entoación de frases

III. Aspectos socioculturais

- Coñecemento dos aspectos socioculturais que se tratan no tema da lección.
- Reflexión sobre similitudes e diferencias entre a nosa sociedade e outras en canto á visión do futuro.
- Valoración do inglés como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Coñecementos dalgunhas das hipóteses que se barallan sobre o futuro.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto de comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Unit 4: SPORTS REPORTS

Obxectivos

- Escribir e falar sobre o deporte e a súa importancia no mundo actual, facendo uso das estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta, fluída e coherente.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre una persoa que practica o *ultra-racing*.
- Entender información esencial en textos escritos que tratan sobre deportes como o surf e sobre o aumento do dopaxe no deporte. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e dedución que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para enfatiza-la acción sobre a persoa que a realiza.
- Escribir un artigo de opinión.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-lo inglés como medio para comunicarse.
- Coñece-los aspectos socioculturais propios do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia: persoas que senten verdadeira paixón pola práctica dun deporte e fan diso a súa vida. O consumo de drogas no deporte.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos relacionados co deporte: a importancia do surf na vida dun mozo inglés e o progresivo aumento do dopaxe no deporte de competición.

- Predicción e dedución de información a partir dos textos escritos.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Participación en e contribución a discusións relacionadas co tema.
- Interacción oral con outras persoas, expresando opinións sobre os temas propostos.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.
- Obtención de información global e específica dun texto oral sobre un home que compite en *ultra-races*.

WRITING

- Elaboración dun artigo de opinión con las seguintes características:

Planificación previa ó proceso de escritura.

Análise dos diferentes elementos formais necesarios en este tipo de escritos.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando

os elementos de enlace adecuados.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

- A voz pasiva
- *have something done*

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: adxectivos de significado extremo, *phrasal verbs* relacionados cos deportes
- Verbos que rexen unha preposición determinada

III. Aspectos socioculturais

- Coñecemento dos aspectos socioculturais que se tratan en o tema da lección.
- Reflexión sobre similitudes e diferencias entre a nosa sociedade e outras en canto ó deporte.
- Valoración do inglés como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Reflexión crítica sobre o uso das drogas.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto de comunicación , o interlocutor e a intención dos interlocutores.

- Reflexión sobre outros modos de organiza-la experiencia (práctica de deportes extremos) co fin de desenvolver actitudes de comprensión cara outras convencións culturais.

Unit 5: SURVIVAL OF THE FITTEST

Obxectivos

- Escribir e falar sobre aventura e supervivencia en situacións límite utilizando as estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo a comunicación de maneira correcta e fluída.
- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre supervivencia.
- Entender información esencial en textos escritos que tratan sobre as posibilidades reais de sobrevivir nunha illa deserta e a aventura de nadar entre tiburóns. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e deducción que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para formular hipóteses e especular, así como para expresar queixas, pesar ou arrepentimento.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloras las produccions propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudio da lingua estranxeira no futuro.
- Coñece-los aspectos socioculturais propios do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organiza-la experiencia (a aventura e as situacións de risco), comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

READING: textos relacionados coa supervivencia en situacións desfavorables e a aventura de nadar entre tiburóns.

- Predicción e deducción de información a partir dos textos escritos.
- Obtención de información global e específica destes textos.

SPEAKING

- Participación en e contribución a discusións relacionadas co tema.
- Interacción oral con outras persoas, expresando argumentos sobre os temas propostos.
- Formulación de hipóteses sobre outros feitos a partir da propia experiencia.

LISTENING

- Escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con diferentes acentos.

- Obtención de información global e específica dun texto no que se dan normas de actuación en caso de encontrarse en situacións de perigo.

WRITING

- Elaboración dunha redacción argumentativa coas seguintes características:

Análise dos diferentes elementos formais necesarios neste tipo de escritos.

Práctica del uso dos nexos máis adecuados para este tipo de redacción.

Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de construír un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados.

Importancia da revisión para detectar posibles erros na escritura.

II. Reflexións sobre a lingua

A. Funcións da linguaxe e gramática

Formular hipóteses e especular. Expresar queixas, desexos e sentimentos de pesar e arrepentimento.

Oracións condicionais: repaso dos tres tipos

Oracións condicionais con *unless* / *as long as* / *providing that*

I wish + pasado simple ou perfecto

I wish + *would*

If only...

B. Léxico-semántico

- Relacionado co tema da lección: a aventura
- Prefixos de significado negativo
- *Phrasal verbs* relacionados co tema da aventura

C. Fonética

- O sonido *schwa*

III. Aspectos socioculturais

- Coñecemento dos aspectos socioculturais que se tratan no tema da lección.
- Valoración positiva de patróns de comportamento distintos ós propios.
- Reflexión sobre similitudes e diferencias entre culturas e persoas.
- Valoración da lingua estranxeira como medio para acceder a outras culturas e como instrumento de comunicación internacional.
- Reflexión sobre outros modos de organizar experiencias distintas ás propias, co fin de desenvolver actitudes de comprensión cara outras convencións culturais.
- Uso de rexistros adecuados segundo o contexto de comunicación , o interlocutor e a intención dos interlocutores.

Unit 6: CRIMES AND CRIMINALS

Obxectivos

Escribir e falar sobre delitos e delincuentes utilizando estratexias e fórmulas lingüísticas adecuadas para que se leve a cabo comunicación correcta e fluída.

- Extraer información global e específica de mensaxes orais sobre delitos na nosa sociedade.
- Entender información esencial nun texto escrito que trata das drogas e outros delitos comúns. Utilizar diferentes estratexias de comprensión e deducción que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, seu coñecemento do mundo e de diversos aspectos lingüísticos.
- Saber utiliza-las fórmulas lingüísticas adecuadas para describir situacións e ideas a través das palabras doutra persoa.
- Reflexionar sobre o funcionamento das fórmulas traballadas na lección co fin de melloralas producións propias e comprende-las alleas nas situacións de comunicación planteadas.
- Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.
- Valora-la lingua estranxeira como medio para acceder ó coñecemento de feitos que afectan de maneira igual ó noso medio e ó da lingua estranxeira, establecendo unha comparación.
- Coñecer aspectos socioculturais do tema tratado para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.
- Comprender e valorar de modo crítico outros modos de organizar a experiencia (efectos da delincuencia) comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

Contidos

I. Habilidades comunicativas

